

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL S.A.U.

**Informe de auditoría, contas anuais
e informe de xestión do exercicio 2018**

**Redes de Telecomunicación Galegas,
Retegal S.A.U.**

**Informe de auditoría de contas anuais emitido por
un auditor independente**

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDENTE

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, (Accionista Único de Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.):

Opinión

Auditamos as contas anuais de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U. (a Sociedade), que comprenden o balance a 31 de decembro de 2018, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria correspondentes ao exercicio terminado na devandita data.

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Sociedade a 31 de decembro de 2018, así como dos seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio terminado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 2 da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

Fundamento da opinión


Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas descríbense máis adiante na sección *Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais do noso informe*.

Somos independentes da Sociedade de conformidade cos requerimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría das contas anuais en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servizos distintos aos de auditoría de contas nin concorreron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectasen a necesaria independencia de modo que se vira comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión.

Aspectos máis relevantes da auditoría

Os aspectos máis relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estes, e non expresamos unha opinión por separado sobre eses riscos.



A3M Auditors
&
Consultores del Noroeste, S.L.
C.I.F. B70419510
ROAC Nº S-2300

Estimación da provisión por litixios

Descrición

De acordo co indicado na Nota 23 da memoria adxunta, ao peche do exercicio 2018 a Sociedade atopábase inmersa en distintos procedementos xudiciais por desaloxo, obrigas legislativas/tecnolóxicas e co persoal, con orixe no desenvolvemento habitual das súas actividades.

A estimación das provisións necesarias para cubrir os custos derivados dos devanditos litixios e reclamacións en curso é unha das áreas que maior xuízo require de acordo coas condicións de incerteza inherentes ás obrigacións das que se derivan. Por iso, esta área foi considerada a de maior significatividade na nosa auditoría.

Procedementos aplicados na auditoría

Para dar resposta a este aspecto, os nosos procedementos de auditoría consistiron, entre outros, en: o entendemento e a revisión do proceso de estimación de provisións efectuado pola Dirección e Administradores da Sociedade; obtención de cartas de confirmación de asesores legais da Sociedade acerca dos litixios en curso ao peche así como análise das demandas para avaliar o seu correcto rexistro contable así como a documentación xustificativa e informes técnicos sobre os custos estimados das mesmas.

Por último analizamos o rexistro, razoabilidade e movemento das provisións contables rexistradas por estes conceptos, e verificamos que na memoria adxunta se inclúe a información que require o marco de información financeira aplicable.

Outra información: Informe de xestión

A outra información comprende exclusivamente o informe de xestión do exercicio 2018, cuxa formulación é responsabilidade dos administradores da Sociedade e non forma parte integrante das contas anuais.

A nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cobre o informe de xestión. A nosa responsabilidade sobre o informe de xestión, de conformidade co esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, consiste en avaliar e informar sobre a concordancia do informe de xestión coas contas anuais, a partir do coñecemento da entidade obtido na realización da auditoría das citadas contas e sin incluír información distinta da obtida como evidencia durante a mesma. Así mesmo, a nosa responsabilidade consiste en avaliar e informar de se o contido e presentación do informe de xestión son conformes á normativa que resulta de aplicación. Se, baseándonos no traballo que realizamos, concluímos que existen incorreccións materiais, estamos obrigados a informar diso.

Sobre a base do traballo realizado, segundo o descrito no parágrafo anterior, a información que contén o informe de xestión concorda coa das contas anuais do exercicio 2018 e o seu contido e presentación son conformes á normativa que resulta de aplicación.

Responsabilidade dos administradores en relación coas contas anuais

Os administradores son responsables de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación das contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais, os administradores son responsables da valoración da capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se os administradores teñen intención de liquidar a sociedade ou de cesar as súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión.

Seguridade razoable é un alto grado de seguridade pero non garantiza que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando exista. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e se consideran materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, diseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder aos devanditos riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso de unha incorrección material debida a erro, xa que o fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.


- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razoabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polos administradores.
- Concluimos sobre se é adecuada a utilización, polos administradores, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluimos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poden xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento. Se concluimos que existe unha incerteza material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais ou, se ditas revelacións non son adecuadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Con todo, os feitos ou condicións futuros poden ser a causa de que a Sociedade deixe de ser unha empresa en funcionamento.
- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída a información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos cos administradores da entidade en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría.

Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación aos administradores da entidade, determinamos os que foron da maior significatividade na auditoría das contas anuais do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Descubrimos eses riscos no noso informe de auditoría salvo que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar públicamente a cuestión.

A3M Auditores & Consultores del Noroeste, S.L.




M. Beatriz Eiroa Álvarez
Inscrita no R.O.A.C. Nº 20799

2 de abril de 2019



CLASE 8.ª



OM7567810

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Contas Anuais
31 de decembro de 2018

Informe de xestión
Exercicio 2018




CLASE 8.ª



01/10/2011

0M7567811



OM7567812

CLASE 8.ª


Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Balances

31 de decembro de 2018 e 2017

(Expresados en euros)

	Nota	2018	2017
Inmovilizado intanxible	5	22.653,65	6.081,08
Patentes, licencias, marcas e similares		2.316,42	403,05
Aplicacións informáticas		20.337,23	5.678,03
Inmovilizado material	6	1.802.259,00	1.888.089,58
Terreos e construcións		213.165,29	237.221,64
Instalacións técnicas, maquinaria, utillaxe, mobiliario, e outro inmovilizado material		1.535.143,71	1.650.867,94
Inmovilizado en curso e anticipos		53.950,00	-
Inversións financeiras a longo prazo		60,00	60,00
Outros activos financeiros		60,00	60,00
Activo por imposto diferido	18	47.469,97	55.381,64
Total activos non correntes		1.872.442,62	1.949.612,30
Existencias	11	26.633,45	18.545,37
Anticipos a provedores		26.633,45	18.545,37
Debedores comerciais e outras contas a cobrar	10	2.138.648,22	3.439.202,48
Clientes por vendas e prestacións de servizos a curto prazo	10	1.016.947,67	1.761.758,41
Clientes empresas do grupo e asociadas a curto prazo	10 e 20	597.925,93	1.019.855,58
Debedores varios	10	11.979,78	11.979,78
Persoal		389,00	744,18
Activos por imposto corrente	18	507.667,26	641.125,95
Outros créditos coas Administracións Públicas	18	3.738,58	3.738,58
Periodificacións a curto prazo	12	52.407,39	15.785,87
Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	13	6.400.323,13	3.196.108,36
Tesourería		6.400.323,13	3.196.108,36
Total activos correntes		8.618.012,19	6.669.642,08
Total activo		10.490.454,81	8.619.254,38



OM7567813

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Balances

31 de decembro de 2018 e 2017

(Expresados en euros)

	Nota	2018	2017
Fondos propios	14	3.130.910,66	2.145.114,99
Capital		60.110,00	60.110,00
<i>Capital escriturado</i>		<i>60.110,00</i>	<i>60.110,00</i>
Reservas		1.684.187,41	1.455.647,12
<i>Legal e estatutarias</i>		<i>87.336,37</i>	<i>87.336,37</i>
<i>Outras reservas</i>		<i>1.596.851,04</i>	<i>1.368.310,75</i>
Outras achegas de socios		208.798,76	208.798,76
Resultado do exercicio		1.177.814,49	420.559,11
Subvencións, doazóns e legados recibidos	15	1.077.319,13	1.192.105,28
Total patrimonio neto		4.208.229,79	3.337.220,27
Provisións a longo prazo	23	3.560.753,11	3.079.460,37
Outras provisiones		3.560.753,11	3.079.460,37
Pasivos por imposto diferido	18	359.106,33	397.368,40
Total pasivos non correntes		3.919.859,44	3.476.828,77
Débedas a curto prazo	16	301.328,83	143.718,93
Outros pasivos financeiros		301.328,83	143.718,93
Acredores comerciais e outras contas a pagar	16	2.058.844,50	1.659.320,84
Acredores varios	16	1.937.668,80	1.494.348,47
Persoal (remuneracións pendentes de pago)	16	5.861,10	5.778,97
Outras débedas coas Administracións Públicas	18	101.452,43	145.729,34
Anticipos de clientes		13.862,26	13.464,06
Periodificacións a curto prazo		2.192,25	2.165,57
Total pasivos correntes		2.362.365,58	1.805.205,34
Total patrimonio neto e pasivo		10.490.454,81	8.619.254,38



OM7567814

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.


Contas de Perdas e Ganancias

para os exercicios anuais terminados en
31 de decembro de 2018 e 2017

(Expresadas en euros)

	Nota	2018	2017
Importe neto da cifra de negocios	21	10.314.059,16	9.848.477,18
Prestacións de servizos		10.314.059,16	9.848.477,18
Aprovisionamentos		(1.802.106,97)	(1.632.136,91)
Consumo de materias primas e outras materias consumibles	21	(1.494.250,71)	(1.353.034,33)
Traballos realizados por outras empresas		(307.856,26)	(279.102,58)
Outros ingresos de explotación		-	204,60
Subvención de explotación incorporada ao resultado do exercicio		-	204,60
Gastos de persoal		(2.639.078,27)	(2.690.569,80)
Soldos, salarios e asimilados		(2.115.614,46)	(2.174.383,58)
Cargas sociais	21	(523.463,81)	(516.186,22)
Outros gastos de explotación		(4.837.252,35)	(4.791.238,84)
Servizos exteriores		(4.784.366,71)	(4.720.366,54)
Tributos		(2.982,80)	(2.987,77)
Perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais	10	(49.902,96)	(67.884,53)
Outros gastos de xestión corrente		0,12	-
Amortización do inmovilizado	5 y 6	(311.356,33)	(352.947,45)
Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras	15	153.048,22	185.250,60
Excesos de provisións	23	694.300,00	-
Outros resultados	21	(971,71)	(7.255,54)
Resultado de explotación		1.570.641,75	559.783,84
Ingresos financeiros		287,11	970,25
De valores negociables e outros instrumentos financeiros		287,11	970,25
De terceiros		287,11	970,25
Gastos financeiros		(199,37)	(8,60)
Por débedas con terceiros		(199,37)	(8,60)
Resultado financeiro		87,74	961,65
Resultado antes de impostos		1.570.729,49	560.745,49
Imposto sobre beneficios	18	(392.915,00)	(140.186,38)
Resultado do exercicio procedente de operacións continuadas		1.177.814,49	420.559,11

A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2018.



OM7567815

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Estados de Cambios no Patrimonio Neto
Correspondentes aos exercicios anuais terminados a
31 de decembro de 2018 e 2017

A) Estados de Ingresos e Gastos Recoñecidos
correspondentes aos exercicios anuais terminados en 31 de decembro de 2018 e 2017

(Expresados en euros)



	Nota	2018	2017
Resultado da conta de perdas e ganancias		<u>1.177.814,49</u>	<u>420.559,11</u>
Subvencións, doazóns e legados		-	11.849,36
Efecto impositivo		-	(2.962,34)
Total ingresos e gastos imputados directamente no patrimonio neto	15	<u>-</u>	<u>8.887,02</u>
Subvencións, doazóns e legados		(153.048,22)	(185.250,60)
Efecto impositivo		38.262,07	46.312,65
Total transferencias a conta de perdas e ganancias	15	<u>(114.786,15)</u>	<u>(138.937,95)</u>
Total de ingresos e gastos recoñecidos		<u>1.063.028,33</u>	<u>290.508,18</u>

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Estados de Cambios no Patrimonio Neto
correspondentes aos exercicios anuais terminados a
31 de decembro de 2018 e 2017


B) Estados Totais de Cambios no Patrimonio Neto
correspondentes aos exercicios anual terminado a 31 de decembro de 2018 e 2017
(Expresados en euros)

2018 (Euros)						
	Capital Escriturado	Reservas	Resultado do exercicio	Outras achegas de socios	Subvencións, doazóns e legados recibidos	Total
Saldo a 1 de xaneiro de 2018	60.110,00	1.455.647,12	420.559,11	208.798,76	1.192.105,28	3.337.220,27
Ingresos e gastos recoñecidos	-	-	1.177.814,49	-	(114.786,16)	1.063.028,33
Operacións co accionista único (nota 3)	-	-	(192.018,82)	-	-	(192.018,82)
Outras variación do patrimonio neto	-	228.540,29	(228.540,29)	-	-	-
Saldo a 31 de decembro de 2018	60.110,00	1.684.187,41	1.177.814,49	208.798,76	1.077.319,13	4.208.229,79
2017 (Euros)						
	Capital Escriturado	Reservas	Resultado do exercicio	Outras achegas de socios	Subvencións, doazóns e legados recibidos	Total
Saldo a 1 de xaneiro de 2017	60.110,00	1.192.951,57	645.233,98	208.798,76	1.322.156,21	3.429.250,52
Ingresos e gastos recoñecidos	-	-	420.559,11	-	(130.050,93)	290.508,18
Operacións co accionista único	-	-	(382.538,43)	-	-	(382.538,43)
Outras variación do patrimonio neto	-	262.695,55	(262.695,55)	-	-	-
Saldo a 31 de decembro de 2017	60.110,00	1.455.647,12	420.559,11	208.798,76	1.192.105,28	3.337.220,27



OM7567816

A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2018.



OM7567817

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Estados de Fluxos de Efectivo
correspondentes aos exercicios anuais terminados a
31 de decembro de 2018 e 2017

(Expresados en euros)

	Nota	2018	2017
Resultado do exercicio antes de impostos		1.570.729,49	560.745,49
Axustes ao resultado		689.416,07	3.178.311,04
Amortización do resultado	5 y 6	311.356,33	352.947,45
Correccións valorativas por deterioro	10	49.902,96	(67.884,53)
Variación de provisiones		481.292,74	3.079.460,37
Imputación de subvencións	15	(153.048,22)	(185.250,60)
Ingresos financeiros		(287,11)	(970,25)
Gastos financeiros		199,37	8,60
Outros ingresos e gastos		-	-
Cambios no capital circulante		1.472.033,27	(4.033.144,07)
Existencias		-	11.360,47
Debedores e contas a cobrar		1.117.235,63	998.260,59
Outros activos correntes		(36.266,34)	317,43
Acredores e outras contas a pagar		435.232,25	(5.043.121,22)
Outros pasivos correntes		(44.168,27)	-
Outros pasivos non correntes		-	38,66
Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación		(251.456,90)	(629.981,68)
Pagos de intereses		(199,37)	-
Cobros de intereses		287,11	-
Cobros/(pagos) por imposto sobre beneficios		(251.544,64)	(629.981,68)
Fluxos de efectivo das actividades de explotación		3.480.722,01	(924.069,22)
Fluxos de efectivo das actividades de inversión			
Pagos por investimentos			
Inmovilizado intanxible		(21.571,87)	(4.449,00)
Inmovilizado material		(62.916,47)	(261.567,99)
Fluxos de efectivo das actividades de inversión		(84.488,34)	(266.016,99)
Fluxos de efectivo das actividades de financiamento			
Dividendos	3	(192.018,82)	(382.538,43)
Fluxos de efectivo das actividades de financiamento		(192.018,82)	(382.538,43)
Aumento/Diminución neta do efectivo ou equivalentes		3.204.214,77	(1.572.624,64)
Efectivo ou equivalentes o comezo do exercicio		3.196.108,36	4.768.733,00
Efectivo ou equivalentes ao final do exercicio		6.400.323,13	3.196.108,36

A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2018.



OM7567818

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

(1) Natureza e actividades da Sociedade

REDES DE TELECOMUNICACIÓNS GALEGAS, RETEGAL S.A.U. (a Sociedade) nace no mes de febreiro do 1998, a raíz do Decreto da Xunta de Galicia 58/1997, que supuxo o primeiro paso para a reorganización dos sistemas de telecomunicacións en Galicia, co fin de mellorar a súa organización, ampliar a súa eficiencia e rendibilidade económico-social, e xestionar a innovación e adaptación a un contorno en continuo desenvolvemento, como son as actividades con forte presenza de I+D.

Completando os requisitos xurídico-mercantís precisos para a constitución da Sociedade, outorgouse a correspondente escritura de constitución o día 7 de abril do 1998, quedando definitivamente inscrita no Rexistro Mercantil competente o día 26 de maio dese mesmo ano. O domicilio social da Sociedade fíxase en Complexo San Marcos, Edificio Usos Múltiples, en Santiago de Compostela, no lugar no que se encontra o principal establecemento da Sociedade.


A Sociedade é unha entidade mercantil pública autónoma. Ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñan a consideración de medios propios na lexislación vixente. En consecuencia, a Sociedade está obrigada a executar as encomendas ou encargos que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e estas entidades públicas instrumentais lle realicen dentro do ámbito do seu obxecto social. As súas relacións teñen natureza instrumental, non contractual, sendo, para todos os efectos, de carácter interno, dependente ou subordinado.

As encomendas que se realicen á Sociedade instrumentaranse mediante unha resolución do ente encomendante na que, como mínimo, se precisarán as actuacións concretas que constitúan o obxecto da encomenda, así como os termos e as condicións en que deba executarse.

Segundo o artigo número 2 dos Estatutos, o obxecto social da Sociedade é a realización de actividades dirixidas á prestación de servizos en materia de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia, para as que obterá os títulos habilitantes que sexan necesarios en cada caso. Así mesmo, terá por obxecto tanto a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións en Galicia, como a elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

En particular constituirán parte do obxecto social as seguintes actividades:

- A promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións.
- A prestación de actividades de consultaría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións.



OM7567819

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

As actividades abranguidas no obxecto social poderanse realizar, total ou parcialmente, ben mediante a creación de sociedades filiais, ben participando noutras sociedades de obxecto idéntico ou análogo, ou ben mediante calquera outra fórmula admitida en dereito, respectando en todo caso o marco normativo aplicable á Sociedade.

A Sociedade divide o seu devir económico en exercicios sociais que coinciden co ano natural.

A Entidade non participa en ningunha outra sociedade, nin ten relación algunha con outras entidades coas cales se poida establecer unha relación de grupo ou asociada de acordo cos requisitos establecidos no Art. 42 do Código de Comercio e nas Normas 13ª e 15ª da Terceira Parte do Real Decreto 1514/2007 polo que se aprobou o Plan Xeral de Contabilidade.

En relación á norma 15ª da Terceira Parte do Real Decreto 1514/2007 polo que se aprobou o Plan Xeral de Contabilidade, debemos indicar que a sociedade foi constituída por unha Administración Pública Autonómica, sendo por tanto, o seu único socio a Xunta de Galicia.

(2) Bases de presentación**(a) Imaxe fiel**

Estas contas anuais formuláronse a partires dos rexistros contables de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U. As contas anuais do exercicio 2018 preparáronse de acordo coa lexislación mercantil vixente e coas normas establecidas no Real Decreto 1514/2007 polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, e de acordo coa Orde EHA/733/2010 do 25 de marzo pola que se aproban aspectos contables de empresas públicas, co obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira ao 31 de decembro de 2018 e dos resultados das súas operacións, dos cambios no patrimonio neto e dos fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio anual finalizado en dita data.

Os Administradores da Sociedade estiman que as contas anuais do exercicio 2018, van ser aprobadas polo Accionista Único sen modificación algunha.

(b) Principios contables non obrigatorios aplicados

Para a elaboración destas contas anuais non se aplicaron principios contables non obrigatorios. Adicionalmente, os Administradores da Sociedade formularon estas Contas Anuais tendo en conta a totalidade dos principios e normas contables de aplicación obrigatoria que teñen efectos significativo nas contas anuais. Non existe ningún principio contable que sendo obrigatorio deixe de aplicarse.

(c) Comparación da información

As contas anuais presentan a efectos comparativos con cada unha das partidas do balance, da conta de perdas e ganancias, do estado de cambios no patrimonio neto, do estado de fluxos de efectivo e da memoria, ademais das cifras do exercicio 2018, as correspondentes ao exercicio anterior, que formaban parte das contas anuais do exercicio 2017 aprobadas polo Accionista Único con data 26 de Xuño de 2018.



OM7567820

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

Tal e como se describe na nota 2.f desta memoria, durante o exercicio 2018, os administradores procederon ao rexistro contable con efecto retroactivo dun cambio no criterio contable de rexistro: se procedeu a reclasificar o epígrafe de provisións a longo prazo, provisións calculadas por importe de 3.079.460,37 euros, que figuraban rexistradas no epígrafe de Acreedores varios por importe de 2.735.996,40 euros e no epígrafe de Persoal 343.463,97 euros.

Por dito motivo e en cumprimento da normativa contable de aplicación procedeuse a adaptar as cifras comparativas do Balance de Situación e do Estado de Fluxos de Efectivo, os cales difiren dos incluídos nas contas anuais do exercicio 2017 aprobadas pola Xunta Xeral de data 26 de xuño de 2018.

(d) Elementos recollidos en varias partidas

Os elementos patrimoniais rexistrados en dous ou máis partidas do balance, indícanse noutros puntos da memoria cos seus correspondentes importes.

(e) Agrupación de partidas

Durante o exercicio, non se realizaron agrupacións de partidas nin no balance, conta de perdas e ganancias, estado de cambios no patrimonio neto ou no estado de fluxos de efectivo. Con todo, na medida en que foi significativo, incluíuse a información desagregada de partidas no balance e na conta de perdas e ganancias, nas correspondentes notas da memoria.

(f) Cambios en criterios contables

No exercicio 2018, os administradores modificaron o criterio contable de rexistro das provisións, que supuxo a reclasificación do epígrafe de provisións a longo prazo, de provisións calculadas por importe de 3.079.460,37 euros, que figuraban rexistradas no epígrafe de Acreedores varios por importe de 2.735.996,40 euros e no epígrafe de Persoal 343.463,97 euros.


(g) Moeda funcional e de presentación

As contas anuais preséntanse en euros, que é a moeda funcional e de presentación da Sociedade.

(h) Aspectos críticos da valoración e estimación das incertezas e xuízos relevantes na aplicación de políticas contables

Estas contas anuais, así como os detalles e explicacións inherentes contidos na presente Memoria, preséntanse sobre a base da continuidade ilimitada na xestión e non a efectos de calcular o valor liquidativo ou de alleamento do patrimonio da Sociedade, de modo que a sociedade elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de entidade en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte

A elaboración das presentes contas anuais non requiriu a aplicación de xuízos e estimacións relevantes que poden afectar de maneira significativa á aplicación das políticas contables e a importes rexistrados dos activos, pasivos, ingresos e gastos. Neste sentido, as estimacións que maior relevancia teñen correspóndense coa determinación do valor recuperable de determinadas contas a cobrar con clientes.



OM7567821

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

As estimacións son constantemente revisadas e están baseadas na experiencia histórica e outros factores, incluídas as expectativas de sucesos futuros que se creen razoables baixo estas circunstancias.

Malia que estas estimacións realizáronse en función da mellor información dispoñible na data de formulación destas contas anuais sobre os feitos analizados, é posible que acontecementos que poidan ter lugar no futuro obriguen a modificálas (á alza ou á baixa) en próximos exercicios, o que se faría de forma prospectiva, recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas correspondentes contas anuais futuras.

(i) Financiamento das actividades de explotación da Sociedade

A Sociedade financia as súas actividades a través dos recursos propios obtidos. Nos exercicios 2018 e 2017 a Sociedade non recibiu ningunha axuda.

(3) Distribución de Resultados

A proposta de distribución do resultado do exercicio 2018, formulada polos Administradores e que se espera sexa aprobada polo Accionista Único, é a seguinte:

	Euros
Bases de reparto	
Beneficio do exercicio	<u>1.177.814,49</u>
Distribución	
Reserva voluntaria	<u>1.177.814,49</u>
	<u>1.177.814,49</u>

A distribución dos beneficios da Sociedade do exercicio 2017, aprobada polo Accionista Único o 26 de Xuño de 2018 foi a seguinte:

	Euros
Bases de reparto	
Beneficio do exercicio	<u>420.559,11</u>
Distribución	
Reparto de dividendos	192.018,82
Reserva voluntaria	<u>228.540,29</u>

De acordo co acta da Xunta Xeral de data 26 de xuño de 2018, foi distribuído aos Accionistas un dividendo de 192.018,82 euros.



OM7567822

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

Os beneficios imputados directamente ao patrimonio neto non poden ser obxecto de distribución, nin directa nin indirectamente.

Ao 31 de decembro de 2018 e 2017 o importe das reservas non distribuíbles correspóndense coa Reserva Legal por importe de 87.336,37 euros.

(4) Normas de Rexistro e Valoración

(a) Inmovilizado intanxible

Os activos incluídos no inmovilizado intanxible figuran contabilizados polo seu prezo de adquisición ou o seu custo de produción, seguindo os mesmos principios que os establecidos na determinación do custo de produción das existencias. A capitalización do custo de produción, no seu caso, realízase a través do epígrafe "Traballos realizados pola empresa para o seu activo" da conta de perdas e ganancias. O inmovilizado intanxible preséntase no balance polo seu valor de custo minorado no importe das amortizacións e correccións valorativas por deterioro acumuladas.

(i) Patentes e licencias

Contabilízanse pola totalidade dos custos derivados da adquisición en firme dos dereitos correspondentes, a través da súa inscrición no rexistro competente.

(ii) Aplicacións informáticas

Preséntanse valoradas polo seu custo de adquisición ao provedor correspondente, ou ben polos custos de produción cando os elementos contabilizados son desenvolvidos pola propia Sociedade. Os gastos de mantemento das aplicacións informáticas considéranse gastos no momento no que se incorre neles.

(iii) Custos posteriores

Os custos posteriores nos que se incorra no inmovilizado intanxible rexístranse como gasto, agás que aumenten os beneficios económicos futuros esperados dos activos.

(iv) Vida útil e Amortizacións

A amortización dos inmovilizados intanxibles realízase distribuindo o importe amortizable de xeito sistemático ó longo da súa vida útil mediante a aplicación dos seguintes criterios:

	Método de amortización	Anos de vida útil estimada
Patentes e licencias	Lineal	5
Aplicacións informáticas	Lineal	3

A Sociedade revisa o valor residual, a vida útil e o método de amortización dos inmovilizados intanxibles no peche de cada exercicio. As modificacións nos criterios inicialmente establecidos se recoñecen como un cambio de estimación.



OM7567823

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

(b) Inmovilizado material**(i) Recoñecemento inicial**

Os activos incluídos no inmovilizado material figuran contabilizados polo seu prezo de adquisición ou custo de produción, seguindo os mesmos principios que os establecidos na determinación do custo de produción das existencias. A capitalización do custo de produción se realiza a través do epígrafe "Traballos realizados pola empresa para o seu activo" da conta de perdas e ganancias. Os ingresos accesorios obtidos no período de probas e posta en marcha se recoñecen como unha minoración dos custos incorridos. O inmovilizado material se presenta no balance polo seu valor de custo minorado polo importe das amortizacións e correccións valorativas por deterioro que se teñan acumuladas.

O custo do inmovilizado material inclúe a estimación dos custos de desmantelamento ou retiro, así como de a rehabilitación do lugar sobre o que se encontra situado, sempre que constitúan obrigas nas que se teñan incorridas como consecuencia do uso e con propósito distinto da produción de existencias.

As pezas de recambio destinadas a ser montadas en instalacións, equipos e máquinas para substituír a outras semellantes, valóranse seguindo os criterios expostos anteriormente. As pezas con ciclo de almacenamento inferior ao ano rexístranse como existencias. As pezas con ciclo de almacenamento superior ao ano e que corresponden de maneira exclusiva a determinados activos rexístranse e amortízanse conxuntamente cos mesmos, e noutro caso rexístranse como outro inmovilizado e amortízanse liñalmente no período estimado de substitución.

A Sociedade contabiliza como activos materiais os dereitos sobre bens adscritos, os dereitos de uso e os dereitos sobre fibras, que a través dos Decretos 365/1998 e 156/200 se adscriben á Sociedade xa que a través dos mesmos, se desafectan estes bens do dominio público e adquieren natureza patrimonial da Sociedade co fin da súa xestión e explotación no ámbito do obxecto social da Sociedade. Estes bens incorpóranse ao activo en función do valor neto contable notificado polo organismo que adscribe o ben, ou no seu caso, ao anterior beneficiario do dereito de adscripción. A amortización verifícase de xeito lineal, tomando como base o custo orixinario, que foi facilitado en casos pola CRTVG, e en casos pola Xunta de Galicia, e en función da vida útil restante dos bens adquiridos. Os mencionados bens, cun custo total de 5,30 millóns de euros encóntranse totalmente amortizados.

Pola súa banda, os dereitos reais sobre terreos e os dereitos de uso de infraestruturas de telecomunicacións, incorporados ao activo polo seu prezo de adquisición, amortízanse no período de vixencia do respectivo dereito, no caso de que exista, non amortizándose noutro caso.



OM7567824

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

(iii) Amortizacións

A amortización dos elementos de inmovilizado material se realiza distribuíndo o seu importe amortizable de xeito sistemático o longo da súa vida útil. Se entende por importe amortizable o custo de adquisición menos o seu valor residual. A Sociedade determina o gasto de amortización de xeito independente para cada compoñente que teña un custo significativo en relación ao custo total do elemento e unha vida útil distinta do resto do elemento.

A amortización dos elementos do inmovilizado material se determina mediante a aplicación dos seguintes criterios:

	Método de amortización	Anos de vida útil estimada
Construcións	Lineal	14
Instalacións	Lineal	6 a 12
Maquinaria	Lineal	5 a 12
Mobiliario	Lineal	10
Equipos informáticos	Lineal	4
Elementos de transporte	Lineal	7
Outro inmovilizado	Lineal	3 a 12

A Sociedade revisa o valor residual, a vida útil e o método de amortización do inmovilizado material ao peche de cada exercicio. As modificacións nos criterios inicialmente establecidos recoñécense como un cambio de estimación.

(iii) Custos posteriores

Con posterioridade ao recoñecemento inicial do activo, só se capitalizan aqueles custos que supoñan un aumento da súa capacidade, produtividade ou alargamento da vida útil, téndose que dar de baixa o valor contable dos elementos substituídos. Deste xeito, os custos de mantemento diario do inmovilizado material rexístranse nos resultados na medida que se vai incorrendo neles.

(c) Arrendamentos

A Sociedade ten cedido o dereito de determinados activos baixo contratos de arrendamento.

Os arrendamentos nos que o contrato transfere á Sociedade todos os riscos e beneficios inherentes a propiedade dos activos clasifícanse como arrendamentos financeiros e noutro caso clasifícanse como arrendamentos operativos.

A Sociedade avalía o fondo económico dos contratos co obxecto de determinar a existencia de arrendamentos implícitos. Un contrato contén un arrendamento se o cumprimento do acordo depende do uso dun activo ou activos específicos. Nestes casos, a Sociedade separa no inicio do contrato, en función dos seus valores razoables, os pagamentos e contraprestacións relativos ao arrendamento dos correspondentes ao resto de elementos incorporados ao acordo. Os pagamentos relativos ao arrendamento se rexistran mediante a aplicación dos criterios aos que se fai referencia neste apartado.



OM7567825

CLASE 8.ª

COMUNICACIÓN

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

As cotas derivadas dos arrendamentos operativos, netas dos incentivos recibidos, recoñécense como gasto de xeito lineal durante o prazo de arrendamento, agás que sexa máis representativa outra base sistemática de reparto por recoller mellor o patrón temporal dos beneficios do arrendamento.

(d) Instrumentos financeiros

(i) Clasificación e separación de instrumentos financeiros

Os instrumentos financeiros clasifícanse no momento do seu recoñecemento inicial como un activo financeiro, un pasivo financeiro ou un instrumento de patrimonio, de conformidade co fondo económico do acordo contractual e coas definicións de activo financeiro, pasivo financeiro ou de instrumento de patrimonio.

A Sociedade clasifica os instrumentos financeiros nas diferentes categorías atendendo ás súas características no momento do seu recoñecemento inicial.

As operacións de compra ou venda de activos financeiros instrumentadas mediante contratos convencionais, entendidos como aqueles nos que as obrigas recíprocas das partes deben consumarse dentro dun marco temporal establecido pola regulación ou polas convencións do mercado e que no poden liquidarse por diferenzas, recoñécense na data de contratación ou liquidación.

(ii) Principios de compensación

Un activo financeiro e un pasivo financeiro son obxecto de compensación só cando a Sociedade ten o dereito esixible de compensar os importes recoñecidos e ten a intención de liquidar a cantidade neta ou de realizar o activo e cancelar o pasivo simultaneamente.

(iii) Préstamos e partidas a cobrar

Os préstamos e partidas a cobrar compóñense de créditos por operacións comerciais e créditos por operacións non comerciais con cobros fixos ou determinables que non cotizan nun mercado activo distintos de aqueles clasificados noutras categorías de activos financeiros. Estes activos recoñécense polo seu valor razoable, incluíndo os custos de transacción incorridos, e valóranse posteriormente polo custo amortizado, utilizando o método do tipo de xuro efectivo.


Nembargantes, os activos financeiros que non teñan un tipo de xuro establecido, nos que o importe venza ou se espere recibir no curto prazo e o efecto de actualizar non sexa significativo valóranse polo seu valor nominal.

(iv) Xuros e dividendos

Os xuros recoñécense polo método do tipo de xuro efectivo.

(v) Baixas de activos financeiros

Os activos financeiros danse de baixa contable cando os dereitos a recibir fluxos de efectivo relacionados cos mesmos venceron ou se transferiron e a Sociedade traspasou substancialmente os riscos e beneficios derivados da titularidade.



OM7567826

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

A baixa dun activo financeiro na súa totalidade implica o recoñecemento de resultados pola diferenza existente entre o seu valor contable e a suma da contraprestación recibida, neta dos gastos da transacción, incluíndo os activos obtidos ou pasivos asumidos e calquera perda ou ganancia diferida nos ingresos e gastos recoñecidos no patrimonio neto.

(vi) Deterioro de valor de activos financeiros

Un activo financeiro ou grupo de activos financeiros considérase deteriorado e produciuse unha perda por deterioro se existe evidencia obxectiva do deterioro como resultado dun ou máis eventos producidos despois do recoñecemento inicial do activo, e ese evento ou eventos causantes da perda teñen un impacto sobre os fluxos de efectivo futuros estimados do activo ou grupo de activos financeiros que poida ser estimado con fiabilidade.

A Sociedade segue o criterio de rexistrar as oportunas correccións valorativas por deterioro dos préstamos e partidas a cobrar, cando se produce unha redución ou retardo nos fluxos de efectivo estimados futuros motivados pola insolvencia do debedor.

A perda por deterioro recoñécese con cargo aos resultados e considérase reversible en exercicios posteriores se a diminución pode ser obxectivamente relacionada cun evento posterior ao seu recoñecemento. Nembargantes, a reversión da perda ten como límite o custo amortizado que tiveran os activos se non se tivera rexistrada a perda por deterioro de valor.

(vii) Pasivos financeiros

Os pasivos financeiros, incluíndo acredores comerciais e outras contas a pagar, que non se clasifican como mantidos para negociar ou como pasivos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias, recoñécense inicialmente polo seu valor razoable, menos, no seu caso, os custes de transacción que son directamente atribuíbles á emisión dos mesmos. Con posterioridade ao recoñecemento inicial, os pasivos clasificados baixo esta categoría valóranse a custe amortizado utilizando o método do tipo de interese efectivo.

A Sociedade dá de baixa un pasivo financeiro ou unha parte do mesmo cando cumpriu coa obrigañón contida no pasivo ou ben está legalmente dispensada da responsabilidade principal contida no pasivo, xa sexa en virtude dun proceso xudicial ou polo acredor.

(e) Efectivo e outros activos líquidos equivalentes

O efectivo e outros activos líquidos equivalentes inclúen o efectivo en caixa e os depósitos bancarios á vista en entidades de crédito. Tamén se inclúen baixo este concepto outros investimentos a curto prazo de gran liquidez sempre que sexan facilmente convertibles en importes determinados de efectivo e que teñan un risco insignificante de cambios de valor. Deste xeito se inclúen os investimentos con vencementos de menos de tres meses dende a data de adquisición.



OM7567827

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

(f) Subvencións, doazóns e legados

As subvencións, doazóns e legados contabilízanse como ingresos e gastos recoñecidos en patrimonio neto cando se obtén a concesión oficial das mesmas e se teñen cumprido as condicións para a súa concesión ou non existen dúbidas razoables sobre a recepción das mesmas.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido e as de carácter non monetario polo valor razoable do activo recibido.

En exercicios posteriores as subvencións, doazóns e legados impútanse aos resultados atendendo a súa finalidade.

As subvencións de capital impútanse ó resultado do exercicio en proporción á amortización correspondente aos activos financiados coas mesmas ou, no seu caso, cando se produza a enaxenación, baixa ou corrección valorativa por deterioro dos mesmos.

No caso de activos non depreciables, a subvención impútase a resultados do exercicio no que se produce a enaxenación, baixa ou corrección valorativa por deterioro dos mesmos.

As subvencións para financiar gastos específicos impútanse a ingresos no exercicio que se devengan os gastos financiados.

(g) Ingresos por venda de bens e prestación de servizos

Os ingresos pola venda de bens ou servizos recoñécense polo valor razoable da contrapartida recibida ou a recibir derivada dos mesmos. Os descontos por pronto pagamento, por volume ou outro tipo de descontos, así como os xuros incorporados ao nominal dos créditos, rexístranse como unha minoración dos mesmos.

Nembargantes, a Sociedade inclúe os xuros incorporados aos créditos comerciais con vencemento non superior ao ano que non teñen un tipo de xuro contractual cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Os descontos concedidos aos clientes recoñécense no momento en que é probable que cumpran as condicións que determinan a súa concesión como unha redución dos ingresos por vendas.

Os anticipos a conta de vendas futuras figuran valorados polo valor recibido.

Prestación de servizos

Os ingresos derivados da prestación de servizos recoñécense considerando o grao de realización á data de peche cando o importe dos ingresos, o grao de realización, os custos incorridos e os pendentes de incorrer poidan ser valorados con fiabilidade e sexa probable que se reciban os beneficios económicos derivados da prestación do servizo.

No caso de prestacións de servizos das que o resultado final non pode ser estimado con fiabilidade, os ingresos só se recoñecen ata o límite dos gastos recoñecidos que sexan recuperables.



OM7567828

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

A Sociedade avalía periodicamente se algún contrato de prestación de servizos ten carácter oneroso e recoñece, no seu caso, as provisións necesarias dacordo cos criterios establecidos na lexislación contable vixente.

A Sociedade avalía se existen diferentes compoñentes nunha transacción, co obxecto de aplicar os criterios de recoñecemento de ingresos a cada un deles. Neste sentido nas prestacións de servizos, a Sociedade avalía se está actuando como principal ou como medio propio instrumental en base as características da prestación dos servizos prestados e dos beneficios das operacións realizadas, asumindo o risco en todas elas. No caso das encomendas, propias desta Sociedade, non teñen carácter oneroso, polo que unicamente percibirá os importes estipulados para cada anualidade previa xustificación das tarefas executadas e gastos realizados, e certificación de que as actuacións se realizaron conforme ao establecido nas encomendas.

(h) Imposto sobre beneficios

O gasto ou ingreso polo imposto sobre beneficios comprende tanto o imposto corrente como o imposto diferido.

O imposto sobre beneficios corrente ou diferido recoñécese en resultados, agás que xurda dunha transacción ou suceso económico que fora recoñecido no mesmo exercicio ou en outro diferente contra patrimonio neto ou ben dunha combinación de negocios.


(i) Recoñecemento de pasivos por imposto diferido

A Sociedade recoñece pasivos por imposto diferido en todos os casos agás que proveñan do recoñecemento inicial do fondo de comercio ou dun activo ou pasivo nunha transacción que non é unha combinación de negocios e que na data da transacción non afecta nin ao resultado contable nin á base imponible fiscal.

(ii) Recoñecemento de activos por imposto diferido

A Sociedade recoñece os activos por imposto diferido sempre que resulte probable que existan ganancias fiscais futuras suficientes para a súa compensación. Sen embargo, os activos que xurdan do recoñecemento inicial de activos ou pasivos nunha transacción que non é unha combinación de negocios e na data da transacción non afecta nin ao resultado contable nin á base imponible fiscal, non son obxecto de recoñecemento.

Salvo proba en contrario, non se considera probable que a Sociedade dispoña de ganancias fiscais futuras cando se prevea que a súa recuperación futura se vai producir nun prazo superior aos dez anos contados dende a data de peche do exercicio, ao marxe de cal sexa a natureza do activo por imposto diferido, ou no caso de tratarse de créditos derivados de dedución e outras vantaxes fiscais pendentes de aplicar fiscalmente por insuficiencia de cota, cando producíndose a actividade ou obtendo o rendemento que orixine o dereito á dedución ou bonificación, existan dúbidas razoables sobre o cumprimento dos requisitos para facelas efectivas.



OM7567829

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

(iii) Valoración

Os activos e pasivos por imposto diferido valóranse polos tipos impositivos que vaian ser de aplicación nos exercicios nos que se espera realizar os activos ou pagar os pasivos, a partir da normativa e tipos que estean vixentes ou aprobados e pendentes de publicación e unha vez consideradas as consecuencias fiscais que se derivarán da forma na que a Sociedade espera recuperar os activos ou liquidar os pasivos. A estes efectos, a Sociedade considerou a dedución por reversión de medidas temporais desenvolvida na disposición transitoria trixésimo sétima da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades, como un axuste ao tipo impositivo aplicable á diferenza temporaria deducible asociada á non deducibilidade das amortización practicadas nos exercicios 2013 e 2014.

(iv) Compensación e clasificación

A Sociedade só compensa os activos e pasivos por imposto sobre beneficios se existe un dereito legal fronte as autoridades fiscais e ten a intención de liquidar as débedas que resulten polo seu importe neto ou ben realizar os activos e liquidar as débedas de xeito simultáneo.

Os activos e pasivos por imposto diferido recoñécense no balance como activos ou pasivos non correntes, independentemente da data esperada de realización ou liquidación.

(i) Medioambiente

A Sociedade realiza cando é necesario operacións co propósito principal de previr, reducir ou reparar o dano que como resultado das súas actividades poida producir no medio ambiente.

Durante o exercicio económico Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. obtivo a certificación ISO 14001:2015.

Os gastos derivados das actividades medioambientais recoñécense como Outros gastos de explotación no exercicio no que se incorren.

(j) Provisións

Na formulación das contas anuais, os Administradores da Sociedade diferencian entre:

- Provisións: saldos acredores que cobren obrigas actuais derivadas de sucesos pasados, nos que a súa cancelación é probable que orixine unha saída de recursos, pero que resultan indeterminados en canto ó seu importe e/ou o momento de cancelación.
- Pasivos continxentes: obrigas posibles como consecuencia de sucesos pasados, nos que a súa materialización futura está condicionada a que aconteza, ou non, un ou máis eventos futuros independentes da vontade da Sociedade.

As contas anuais recollen todas as provisións significativas con respecto a que se estima que as probabilidades de que se teñan que atender á obriga é maior có do contrario. Os pasivos continxentes non se recoñecen nas contas anuais, sino que se informa sobre os mesmos nas Notas da Memoria, na medida en que non sexan considerados como remotos.



OM7567830

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

Os importes recoñecidos no balance de situación corresponden á mellor estimación á data de peche dos desembolsos necesarios para cancelar a obriga presente, unha vez considerados os riscos e incertidumes relacionados coa provisión e, cando resulte significativo, o efecto financeiro producido polo desconto, sempre que se poida determinar con fiabilidade os desembolsos que se van a efectuar en cada período. O tipo de desconto se determina antes de impostos, considerando o valor temporal do diñeiro, así como os riscos específicos que non teñen sido considerados nos fluxos futuros relacionados coa provisión.

As obrigas individuais valóranse polo desenlace individual que resulta máis probable. Se a obriga implica unha cantidade importante de partidas homoxéneas, esta se valora ponderando os desenlaces posibles polas súas probabilidades. Se existe un rango continuo de desenlaces posibles e cada punto do rango ten a mesma probabilidade que o resto, a obriga valorase polo importe medio.

O efecto financeiro das provisións recoñécese como gastos financeiros na conta de perdas e ganancias.

As provisións non inclúen o efecto fiscal, nin as ganancias esperadas polo alleamento ou abandono de activos.

As provisións revértense contra resultados cando, ó peche do exercicio, non é probable que exista unha saída de recursos para cancelar tal obriga.

(k) Criterios empregados en transaccións con partes vinculadas

Esta norma de valoración afecta ás partes vinculadas que se recollen na Norma 15ª de elaboración das contas anuais do Plan Xeral de Contabilidade. Neste sentido:

- Entenderase que unha empresa forma parte do grupo cando ambas estean vinculadas por unha relación de control, directa ou indirecta, análoga á prevista no artigo 42 do Código de Comercio, ou cando as empresas estean controladas por calquera medio por unha ou varias persoas xurídicas que actúen conxuntamente ou se achen baixo dirección única por acordos ou cláusulas estatutarias.
- Entenderase que unha empresa é asociada cando, sen que se trate dunha empresa do grupo no sentido sinalado, a empresa ou as persoas físicas dominantes exerzan sobre esa empresa asociada unha influencia significativa, tal e como se desenvolve detidamente na citada Norma 15ª de elaboración das contas anuais.
- Unha parte considérase vinculada a outra cando unha delas exerce ou ten a posibilidade de exercer directa ou indirectamente ou en virtude de pactos ou acordos entre accionistas ou partícipes, o control sobre outra ou unha influencia significativa na toma de decisións financeiras e de explotación da outra, tal como se detalla detidamente na Norma 15ª de elaboración das contas anuais.

(5) Inmovilizado Intanxible

A composición e o movemento nas contas incluídas no inmovilizado intanxible durante os exercicios 2018 e 2017 preséntanse a continuación:



OM7567831

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

	2018		
	Euros		
	Licencias	Aplicacións informáticas	Total
Custo a 1 de xaneiro	6.403,03	340.359,55	346.762,58
Altas	2.012,87	19.559,00	21.571,87
Custo a 31 de decembro de 2018	8.415,90	359.918,55	368.334,45
Amortización acumulada a 1 de xaneiro de 2018	(5.999,98)	(334.681,52)	(340.681,50)
Amortizacións	(99,50)	(4.899,80)	(4.999,30)
Amortización acumulada a 31 de decembro de 2018	(6.099,48)	(339.581,32)	(345.680,80)
Valor neto contable a 31 de decembro de 2018	2.316,42	20.337,23	22.653,65

	2017		
	Euros		
	Licencias	Aplicacións informáticas	Total
Custo a 1 de xaneiro	6.403,03	335.910,55	342.313,58
Altas	-	4.449,00	4.449,00
Custo a 31 de decembro de 2017	6.403,03	340.359,55	346.762,58
Amortización acumulada a 1 de xaneiro de 2017	(5.999,98)	(334.681,52)	(340.681,50)
Amortizacións	-	-	-
Amortización acumulada a 31 de decembro de 2017	(5.999,98)	(334.681,52)	(340.681,50)
Valor neto contable a 31 de decembro de 2017	403,05	5.678,03	6.081,08

(a) Bens totalmente amortizados

O custo dos inmovilizados intanxibles que están totalmente amortizados e que aínda están en uso a 31 de decembro de 2018 e 2017 é como segue:



OM7567832

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais


31 de decembro do 2018

	Euros	
	2018	2017
Licencias	6.085,40	6.000,00
Aplicacións informáticas	335.910,63	335.910,63
	<u>341.996,03</u>	<u>341.910,63</u>

(6) Inmovilizado Material

A composición e o movemento nas contas incluídas no Inmovilizado material durante os exercicios 2018 e 2017 recóllense no seguinte cadro:

	2018					
	Euros					
	Terreos	Construcións	Instalacións técnicas, maquinaria e outras instalacións	Utilaxe e mobiliario	Outro inmovilizado	Total
Custo a 1 de xaneiro de 2018	123.626,73	511.242,02	12.495.536,44	142.951,77	1.051.775,67	14.325.132,63
Altas	-	-	166.209,25	367,22	53.950,00	220.526,45
Custo a 31 de decembro de 2018	123.626,73	511.242,02	12.661.745,69	143.318,97	1.105.725,67	14.545.659,08
Amortización acumulada a 1 de xaneiro de 2018	-	(397.647,11)	(10.979.941,30)	(127.770,22)	(931.684,42)	(12.437.043,05)
Amortizacións	-	(24.056,35)	(241.820,67)	(4.829,76)	(35.650,25)	(306.357,03)
Amortización acumulada a 31 de decembro de 2018	-	(421.703,46)	(11.221.761,97)	(132.599,98)	(967.334,67)	(12.743.400,08)
Valor neto contable a 31 de decembro de 2018	<u>123.626,73</u>	<u>89.538,56</u>	<u>1.439.983,72</u>	<u>10.718,99</u>	<u>138.391,00</u>	<u>1.802.259,00</u>



OM7567833

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

	2017					
	Euros					
	Terreos	Construcións	Instalacións técnicas, maquinaria e outras instalacións	Utilaxe e mobiliario	Outro inmovilizado	Total
Custo a 1 de xaneiro de 2017	123.626,73	511.242,02	12.326.331,58	137.217,77	1.041.615,72	14.140.033,82
Altas	-	-	169.204,86	5.734,00	21.663,87	196.602,73
Baixas	-	-	-	-	(11.503,92)	(11.503,92)
Custo a 31 de decembro de 2017	123.626,73	511.242,02	12.495.536,44	142.951,77	1.051.775,67	14.325.132,63
Amortización acumulada a 1 de xaneiro de 2017	-	(363.852,33)	(10.701.498,64)	(119.801,59)	(910.446,96)	(12.095.599,52)
Amortizacións	-	(33.794,78)	(278.442,66)	(7.968,63)	(32.741,38)	(352.947,45)
Baixa por amortizacións	-	-	-	-	11.503,92	11.503,92
Amortización acumulada a 31 de decembro de 2017	-	(397.647,11)	(10.979.941,30)	(127.770,22)	(931.684,42)	(12.437.043,05)
Valor neto contable a 31 de decembro de 2017	123.626,73	113.549,91	1.515.595,14	15.181,55	120.091,25	1.888.089,58

(a) Xeral

Determinados axustes menores derivan da consideración como IVE deducible o soportado na adquisición de elementos de inmovilizado no exercicio 2001 a 2005, consideración que foi posible co gallo da sentenza do 6 de outubro de 2005 da Sala Terceira do Tribunal das Comunidades Europeas no asunto C-204/03, no que se declarou non conforme coa Sexta Directiva os artigos 102-uno e 104-dos de acordo coa redacción dada pola Lei 66/1997, de 30 de Decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social. A resulta da mesma, a Sociedade instou a devolución dos ingresos indebidos producidos nos exercicios 2001 a 2004 de xeito, que sendo estimada pola AEAT, determinou que houbera que axustar o prezo de adquisición dos elementos afectados (orixinarimente o devandito IVE se considerou maior custo de adquisición ao estar financiados con subvencións de capital), e consecuentemente tamén a amortización acumulada, que se tiña feita nos exercicios precedentes sobre a base orixinaria, e a imputación a resultados das devanditas subvencións.

A partida de instalacións técnicas e maquinaria inclúe o dereito de uso sobre os bens adscritos pola Xunta de Galicia á Sociedade por importe de 5.321.775 e atópanse totalmente amortizados a 31 de decembro de 2018 e 2017.

Asimesmo se inclúen dereitos de uso de infraestrutura de fibra óptica, por importe de 1.554.342 euros, os cales aínda non están totalmente amortizados.



OM7567834

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

Tamén se inclúen instalacións técnicas e maquinaria por importe de 831.872 euros, cedidas pola Compañía de Radio Televisión de Galicia, que tamén estaban totalmente amortizados a 31 de decembro de 2018 e 2017.

Asimesmo a entidade recibiu subvencións de capital en anos anteriores concedidas pola Axecia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) para financiar adquisicións de inmovilizado (ver nota 15).

(b) Bens totalmente amortizados

O custo dos elementos do inmovilizado material que están totalmente amortizados e que están en uso a 31 de decembro de 2018 e 2017 é como segue:

	Euros	
	2018	2017
Dereitos sobre bens adscritos	5.321.775,01	5.321.775,01
Construcións	176.143,67	131.068,35
Instalacións técnicas e maquinaria	4.268.968,26	3.816.631,46
Outras instalacións, utillaxe e mobiliario	121.001,27	64.559,66
Outro inmovilizado	914.460,13	905.666,26
	<u>10.802.348,34</u>	<u>10.239.700,74</u>

(c) Seguros

A Sociedade ten contratadas varias pólizas de seguro para cubrir os riscos ós que están suxeitos os elementos do inmovilizado material. A cobertura destas pólizas considérase suficiente.

(7) Arrendamentos operativos

A Sociedade tiña arrendado a terceiros dende o exercicio 2007 as dependencias nas que se situaban as súas instalacións en réxime de arrendamento operativo así como outra maquinaria. As ditas oficinas pasaron a estar no recinto de San Marcos a partir de outubro de 2017.

O importe total das cotas de arrendamentos operativos recoñecidas como gastos do exercicio 2018 ascenden a 69.735,19 euros (137.675,61 euros no exercicio 2017).

Os pagos mínimos futuros por arrendamentos operativos non cancelables son os seguintes:

	Euros	
	2018	2017
Ata un ano	52.308,34	65.216,79
Entre un e cinco anos	89.705,24	105.385,56
Mais de cinco anos	57.620,96	7.524,36
	<u>199.634,54</u>	<u>178.126,71</u>



OM7567835

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

(8) Política e Xestión de Riscos**(a) Factores de risco financeiro**

As actividades da Sociedade están, en termos xerais, expostas a riscos financeiros: risco de mercado, risco de crédito e risco de liquidez.

(i) Risco de mercado

A Sociedade non se encontra exposta a riscos de mercado significativos por activos non financeiros.

(ii) Risco de crédito

A Sociedade non ten concentracións significativas de risco de crédito. A Sociedade ten políticas para asegurar que as vendas e prestacións de servizos se efectúen a clientes cun historial de crédito adecuado (na súa meirande parte entidades públicas). A corrección valorativa por insolvencias de clientes implica un seguimento elevado pola Dirección e a revisión de saldos individuais en base á calidade crediticia dos clientes, tendencias actuais do mercado e análises histórico das insolvencias a nivel conxunto.

(iii) Risco de liquidez

A Sociedade executa unha xestión prudente do risco de liquidez, fundada no mantemento de suficiente efectivo e a xestión de dispoñibilidade de financiamento.

(9) Activos Financeiros por Categorías**(a) Clasificación dos activos financeiros por categorías:**

A clasificación dos activos financeiros por categorías é a seguinte:

	Euros	
	2018	2017
Préstamos e partidas a cobrar		
Clientes por vendas e prestación de servizos	1.016.947,67	1.761.758,41
Clientes empresas del grupo y asociadas	597.925,93	1.019.855,58
Outras contas a cobrar	12.368,78	12.723,96
Total activos financeiros	1.627.242,38	2.794.337,95

Os activos financeiros devengaron intereses en 2018 por importe de 287,11 euros (970,25 euros en 2017).



OM7567836

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

(10) Debedores Comerciais**(a) Debedores comerciais e outras contas a cobrar:**

O detalle de debedores comerciais e outras contas a cobrar é como segue:

	Euros	
	2018	2017
<i>Vinculadas</i>		
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)	63.987,60	-
Xunta de Galicia, Consellería do Mar	-	556,72
Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.	325.766,67	1.018.940,89
Xunta de Galicia	207.458,88	-
Outras	712,57	357,97
<i>Non vinculadas</i>		
Cientes	2.589.005,30	3.283.913,08
Outros debedores	11.979,78	11.979,78
Persoal	389,00	744,18
Outros créditos coas Administracións Públicas (nota 18)	511.405,84	644.864,53
Correccións valorativas por deterioro	(1.572.057,63)	(1.522.154,67)
Total	2.138.648,22	3.439.202,48

(b) Deterioro de valor:

O análise do movemento das contas correctoras representativas das perdas por deterioro orixinadas polo risco de crédito de activos financeiros valorados a custo amortizado é como segue:

	Euros	
	2018	2017
Saldo inicial	1.522.154,68	1.454.270,14
Dotacións	109.962,28	68.293,06
Aplicacións	(60.059,32)	(408,52)
Saldo ó 31 de decembro	1.572.057,63	1.522.154,68

(11) Existencias

O detalle do epígrafe de existencias ao 31 de decembro é como segue:



OM7567837

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

	Euros	
	2018	2017
Materias primas e outros aprovisionamentos	167.514,83	167.514,83
Anticipos a provedores	26.633,45	18.545,37
Correccións valorativas por deterioro	(167.514,83)	(167.514,83)
	<u>26.633,45</u>	<u>18.545,37</u>

A Sociedade ten cuberta a obsolescencia dos repostos que mantén (nun sector en rápido avance tecnolóxico) mediante a dotación da oportuna provisión a 31 de decembro de 2018 e 2017 de 167.514,83 euros.

(12) Periodificacións

O epígrafe de periodificacións rexistradas no activo do balance correspóndense con pagos no exercicio 2018 e 2017 por servizos ordinarios de funcionamento (mantementos, primas de seguros, etc.) da Sociedade correspondentes aos exercicios seguintes.

(13) Efectivo e outros activos líquidos equivalentes

O detalle do epígrafe efectivo e outros activos líquidos equivalentes é como segue:

	Euros	
	2018	2017
Caixa	342,71	982,95
Contas correntes en entidades financeiras	<u>6.399.980,42</u>	<u>3.195.125,41</u>
Total	<u>6.400.323,13</u>	<u>3.196.108,36</u>

(14) Fondos Propios

A composición e o movemento do patrimonio neto se presentan no estado de cambios no patrimonio neto.

(a) Capital

O capital social está composto por mil accións nominativas, de única clase e serie, de 60,11 euros de valor nominal cada unha delas. Este capital atópase enteiramente subscrito e desembolsado en orixe pola Xunta de Galicia, que é por tanto o Accionista Único, sen que lle fora notificada á Sociedade ningunha transmisión. As accións da Sociedade non están admitidas a cotización en mercado organizado ningún, non existen ampliacións e/ou conversións en curso, e non se realizaron negocios xurídicos sobre accións propias.



OM7567838

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

(b) Reservas**(i) Reserva legal**

A reserva legal foi dotada de conformidade coa normativa mercantil vixente que dispón que, en todo caso, unha cifra igual ó 10 por 100 do beneficio do exercicio destinárase a incrementar a reserva legal ata que alcance, polo menos, o 20 por 100 do capital social.

Non pode ser distribuída e se é usada para compensar perdas, no caso de que non existan outras reservas dispoñibles suficientes para tal fin, debe ser repostada con beneficios futuros.

A 31 de decembro de 2018 e 2017 a reserva legal encóntrase dotada ao máximo legal.

(ii) Reservas voluntarias

As reservas voluntarias son de libre disposición.

(c) Outras achegas de socios

As subvencións concedidas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) outorgadas para financiar gastos xerais de funcionamento da empresa, e que non están asociadas a ningunha actividade ou área de actividade en concreto senón o conxunto das actividades que realiza a Sociedade, recoñécense no patrimonio neto no epígrafe de Outras achegas de socios (véxase nota 4 (f)).

Nos exercicios 2018 e 2017 a Sociedade non recibiu ningunha cantidade por este concepto.

(15) Subvencións, Doazóns e Legados Recibidos

O movemento das subvencións, doazóns e legados recibidos de carácter non reintegrable é como sigue:

	Euros	
	2018	2017
Saldo inicial	1.192.105,28	1.322.156,21
Subvencións concedidas no exercicio (neto de efecto fiscal)	-	-
Axustes por devolución de IVA (neto efecto fiscal)		8.887,02
Traspasos á conta de perdas e ganancias (neto de efecto fiscal)	(114.786,15)	(138.937,95)
Saldo ó 31 de decembro	<u>1.077.319,12</u>	<u>1.192.105,28</u>

O organismo concedente das subvencións de capital en anos anteriores foi en todos os casos a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), e destináronse integramente a financiar as adquisicións de inmovilizado especificadas nas notas 5 e 6 da presente memoria.



OM7567839

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

(16) Pasivos Financeiros por Categorías**(a) Clasificación dos pasivos financeiros por categorías:**

A clasificación dos pasivos financeiros por categorías se mostra de seguido:

	Euros	
	2018	2017
Débitos e partidas a pagar		
Outros pasivos financeiros	301.328,83	143.718,93
Acreedores varios	1.937.668,80	1.494.348,47
Outras contas a pagar	5.861,10	5.778,97
Total pasivos financeiros	2.244.858,73	1.643.846,37

(b) Débedas:

O saldo a 31 de decembro de 2018 e 2017 do epígrafe de outros pasivos financeiros se corresponde integralmente a débedas cos provedores de inmovilizado, sendo o seu vencemento a menos dun ano.

(c) Acreedores Comerciais e Outras Contas a Pagar:

O detalle de acreedores comerciais e outras contas a pagar é como segue:

	Euros	
	2018	2017
<i>No vinculadas</i>		
Acreedores por prestación de servizos	1.937.668,80	1.494.348,47
Débedas co persoal	5.861,10	5.778,97
Débedas coas Administracións Públicas (nota 18)	101.452,43	145.729,34
Anticipos de clientes	13.862,26	13.464,06
Total	2.058.844,50	1.659.320,84

Dentro de acreedores por prestación de servizos existe un saldo de 18.805,82 euros coa entidade vinculada Empresa Pública Seaga S.A.



OM7567840

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

(17) Información sobre o período medio de pago a provedores. Disposición adicional terceira. "Deber de información" da Lei 15/2010, do 5 de xullo"

A información sobre o período medio de pago a provedores é como segue:

	2018 (días)	2017 (días)
Período medio de pago a provedores	58,59	66,56
Ratio das operacións pagadas	61,24	73,92
Ratio das operacións pendentes de pago	49,36	14,13
Importe (euros)		
Total pagos realizados	5.607.441,57	8.924.262,11
Total pagos pendentes	1.614.123,15	1.252.378,33

(18) Situación Fiscal

O detalle dos saldos coas Administracións Públicas é como segue:

	Euros			
	2018		2017	
	Non corrente	Corrente	Non corrente	Corrente
Activos				
Activo por imposto diferido	47.469,97	-	55.381,64	-
Subvencións	-	3.738,58	-	3.738,58
Activo por imposto corrente	-	507.667,26	-	641.125,65
	<u>47.469,97</u>	<u>511.405,84</u>	<u>55.381,64</u>	<u>644.864,23</u>
	(nota 10)		(nota 10)	
Pasivos				
Pasivos por imposto diferido	359.106,33	-	397.368,40	-
Imposto sobre o valor engadido, IRPF e similares	-	50.257,23	-	95.015,45
Seguridade Social	-	51.195,20	-	50.713,89
	<u>359.106,33</u>	<u>101.452,43</u>	<u>397.368,40</u>	<u>145.729,34</u>

Activo por imposto diferido inclúe o 30% da amortización do exercicio 2014 e 2013 non deducible fiscalmente que a Sociedade comeza a deducir no exercicio 2016.

O pasivo por imposto diferido corresponde ao efecto fiscal das subvencións de capital rexistradas formando parte do patrimonio neto (véxase nota 15).

A Sociedade ten pendentes de inspección polas autoridades fiscais os seguintes exercicios dos principais impostos que lle son aplicables:



OM7567841

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

Imposto	Exercicios abertos
Imposto sobre Sociedades	2013-2016
Imposto sobre o Valor Engadido	2014-2017
Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas	2014-2017
Seguridade Social	2014-2017

Como consecuencia, entre outras, das diferentes posibles interpretacións da lexislación fiscal vixente, poderían xurdir pasivos adicionais como resultado dunha inspección. En todo caso, os Administradores da Sociedade consideran que devanditos pasivos, caso de producirse, non afectarían significativamente ás contas anuais.

A conciliación entre o importe neto dos ingresos e gastos do exercicio anual terminado o 31 de decembro de 2018 e 2017 e a base imponible, así como o importe da conta a pagar ou devolver por imposto sobre sociedades é como segue

	2018					
	Euros					
	Conta de perdas e ganancias			Cambios no patrimonio neto		
	Aumentos	Diminucións	Neto	Aumentos	Diminucións	Total
Saldo de ingresos e gastos do exercicio	1.177.814,49	-	1.177.814,49	7.460,84	(122.247,00)	(114.786,16)
Imposto sobre Sociedades	392.915,00	-	392.915,00	2.486,95	(40.749,00)	(38.262,05)
Diferencias permanentes			930,46			930,46
diferenzas temporarias						
Con orixe no exercicio	-	-	-	(9.947,79)	-	(9.947,79)
Con orixe en exercicios anteriores	-	(26.372,10)	(26.372,10)	-	162.996,00	162.996,00
Base imponible, resultado fiscal			<u>1.545.287,74</u>			<u>- 1.545.287,14</u>
Cota ao 25%						386.321,94
Deducións en cota						(1.318,61)
Retencións e pagos a conta						<u>(394.710,70)</u>
Imposto sobre sociedades a devolver						<u>(9.707,37)</u>



OM7567842

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.


Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

	2017						
	Euros						
	Conta de perdas e ganancias			Cambios no patrimonio neto			
	Aumentos	Diminucións	Neto	Aumentos	Diminucións	Neto	Total
Saldo de ingresos e gastos do exercicio	420.559,11	-	420.559,11	8.887,02	(138.937,95)	(130.050,93)	290.508,18
Imposto sobre Sociedades	140.186,38	-	140.186,38	2.962,34	(46.312,65)	(43.350,31)	96.836,07
diferenzas temporarias							
Con orixe no exercicio	-	-	-	(11.849,36)	-	(11.849,36)	(11.849,36)
Con orixe en exercicios anteriores	-	(26.372,21)	(26.372,21)	-	185.250,60	185.250,60	158.878,39
Base imponible, resultado fiscal			534.373,28			-	534.373,28
Cota ao 25%							133.593,32
Deducións en cota							(1.318,61)
Retencións e pagos a conta							(630.166,33)
Imposto sobre sociedades a devolver							(497.891,62)

A relación existente entre o gasto por imposto sobre beneficios e o beneficio do exercicio detállase a continuación:

	Euros	
	2018	2017
Saldo de ingresos e gastos do exercicio antes de impostos	1.570.729,49	560.745,49
diferenzas permanentes	930,46	-
Imposto ao 25%	392.915,00	140.186,38
Gasto por imposto sobre beneficios	392.915,00	140.186,38



OM7567843

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

O detalle do gasto por imposto sobre beneficios é como segue:

	Euros	
	2018	2017
Imposto corrente	386.321,94	133.593,32
Imposto diferido	6.593,06	6.593,06
	<u>392.915,00</u>	<u>140.186,38</u>

O movemento dos activos/pasivos por imposto diferido é o seguinte:

	Euros	
	2018	2017
Activo por imposto diferido		
Saldo inicial (exceso amortización Ley 16/2012)	55.381,64	63.293,31
Traspaso a PyG	(7.911,67)	(7.911,67)
Saldo ó 31 de decembro	<u>47.469,97</u>	<u>55.381,64</u>

	Euros	
	2018	2017
Pasivo por imposto diferido		
Saldo inicial (subvencións)	397.368,40	440.718,72
Traspaso a PyG	(38.262,07)	(43.350,31)
Saldo ó 31 de decembro	<u>359.106,33</u>	<u>397.368,40</u>

(19) Información Medioambiental

Dada a actividade á que se dedica a Sociedade, esta non ten responsabilidades, gastos, activos, provisións nin continxencias de natureza medioambiental que puideran ser significativas en relación co patrimonio, a situación financeira e os resultados. Por isto, non se inclúen desagregacións específicas na presente Memoria das Contas Anuais respecto a información de cuestións medioambientais.

(20) Saldos e Transaccións con Partes Vinculadas**(a) Transaccións da Sociedade co Accionista único**

A Sociedade celebrou e executou no exercicio 2018 e 2017 contratos coa Xunta de Galicia (Accionista Único) e coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), para a prestación dos seguintes servizos:



OM7567844

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

	Euros	
	2018	2017
Investimento para mellorar e actualizar a rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual	410.000,00	410.000,00
Encomenda de AMTEGA	97.708,31	116.157,86
Conexión de circuitos Gbps Backup	6.780,14	2.144,28
Outras conexións	5.580,96	5.520,24
Servizos TETRA	1.232.749,98	1.201.881,81
	<u>1.752.819,39</u>	<u>1.735.704,19</u>

A Sociedade realizou transaccións (prestacións de servizos principalmente) coa sociedade vinculadas Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. de Galicia no exercicio 2018 por importe de 2.791.282,32 euros (2.760.912,12 euros no exercicio 2017).

Asimesmo realizou transaccións con outras entidades vinculadas polos seguintes importes:

	Euros	
	2018	2017
Actuacións Rede Vixilancia Forestal – Consellería do Medio rural	+778.811,86	0,00
INTECMAR	+11.922,98	+11.802,85
Empresa Pública Seaga, S.A.– Encomenda de adecuación accesos	(99.016,90)	(0,00)
Empresa Pública Seaga, S.A. – Encomenda Rozas	(37.075,56)	(29.944,61)
Asesoría Xurídica Xeral	(15.000,00)	(18.000,00)
	<u>639.642,38</u>	<u>(36.141,76)</u>

Os saldos coas partes vinculadas son os seguintes:



OM7567845

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

	Euros	
	2018	2017
<i>Debedores:</i>		
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)	63.987,60	-
Secretaría Xeral de Medios	-	556,72
Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.	325.766,67	1.018.940,89
Xunta de Galicia	207.458,88	-
Outras	712,57	357,97
	597.925,72	1.019.855,58

Dentro de acreedores por prestación de servizos existe un saldo de 18.805,82 euros coa entidade vinculada Empresa Pública Seaga S.A.

(b) Información relativa aos Administradores e persoal de alta Dirección da Sociedade

Durante o exercicio 2018 os Administradores da Sociedade devengaron remuneracións por todos os conceptos por importe de 2.779,04 euros (3.126,32 euros no exercicio 2017).

Os Administradores e os membros da Alta Dirección non teñen concedidos anticipos ou créditos e non se asumiron obrigacións por conta deles a título de garantía. Así mesmo a Sociedade non ten contraídas obrigacións en materia de pensións e de seguros de vida con respecto a antigos ou actuais Administradores da Sociedade nin membro da Alta Dirección. O gasto por seguro responsabilidade directivos elevouse a 1.889,47 euros.

O importe das remuneracións devengadas no exercicio 2018 polo persoal da Alta Dirección, o cal se compón por 2 homes ascende a 114.816,32 euros (112.980,24 euros no exercicio 2017).


(c) Situacións de conflito de interese dos Administradores

Os Administradores da Sociedade e as persoas vinculadas aos mesmos, non incorreron en ningunha situación de conflito de interese que tivese que ser obxecto de comunicación de acordo co disposto no artigo 229 do TRLSC.

(21) Ingresos e Gastos

(a) Importe neto da cifra de negocios

O detalle do importe neto da cifra de negocios por categorías de actividades ao 31 de decembro é como segue:



OM7567846

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

	Euros	
	2018	2017
Ingresos transporte de sinal de TV	2.882.702,92	3.117.002,65
Ingresos transporte de sinal de radio	439.463,52	434.682,00
Outros (inclúe os contratos co Accionista Único)	6.991.892,72	6.296.792,53
	<u>10.314.059,16</u>	<u>9.848.477,18</u>

(b) Aprovisionamentos

O detalle dos Consumos de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos é como segue:

	Euros	
	2018	2017
Consumo de materias primas e outros		
Compras nacionais	1.494.250,71	1.353.034,33
Traballos realizados por outras empresas	307.856,26	279.102,58
	<u>1.802.106,97</u>	<u>1.632.136,91</u>

(c) Cargas sociais

O detalle das cargas sociais é como segue:

	Euros	
	2018	2017
Seguridade Social a cargo da empresa	509.222,65	501.567,13
Outros gastos sociais	14.241,16	14.619,09
	<u>523.463,81</u>	<u>516.186,22</u>

(d) Outros Resultados

O detalle doutros resultados é como segue:

	Euros	
	2018	2017
Outros gastos	971,71	7.255,54
Outros ingresos (regularizacións de saldos)	-	-
	<u>971,71</u>	<u>7.255,54</u>



0M7567847

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

(22) Información sobre o persoal

O número medio de empregados da Sociedade durante os exercicios 2018 e 2017, desglosado por categorías, é como segue:

	Número	
	2018	2017
Directivos	2	2
Técnicos (Titulados superiores ou medios)	9	9
Administrativos	4	4
Outros	30	31
	<u>45</u>	<u>46</u>

A distribución por sexos no final do exercicio do persoal da Sociedade é como segue:

	2018		2017	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Alta Dirección	-	2	-	2
Técnicos (Titulados superiores ou medios)	2	6	2	6
Administrativos	2	2	2	2
Outros	2	29	2	30
	<u>6</u>	<u>39</u>	<u>6</u>	<u>40</u>

Por outra banda, o Consello de Administración da Sociedade a 31 de decembro de 2018 e 2017 está composto por 6 membros, dos cales 3 son homes.

O número medio de empregados da Sociedade con discapacidade igual ou superior ao 33% é de 2 homes no nivel 5 do Grupo Técnico do Convenio de RETEGAL.

Na actualidade hai dous traballadores e unha traballadora acollidos á xubilación parcial anticipada.

En decembro de 2017 e en novembro de 2018 xubiláronse definitivamente 2 traballadores.



OM7567848

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro do 2018

(23) Provisións

A empresa recoñecerá como provisións os pasivos que, cumprindo a definición e os criterios de rexistro ou recoñecemento contable contidos no Marco Conceptual da Contabilidade, resulten indeterminados respecto ao seu importe ou á data en que se cancelarán. As provisións poden vir determinadas por unha disposición legal, contractual o por unha obrigación implícita ou tácita. Neste último caso, o seu nacemento sitúase na expectativa válida creada pola empresa fronte a terceiros, de asunción dunha obriga por parte daquela.

Derivado de diversas obrigas legislativas e xudiciais, RETEGAL debe poder facer fronte a continxencias de diferente tipoloxía que se resumen a continuación:

	2018	2017
Obrigas Xudiciais por desaloxo	2.102.321,42	1.378.882,85
Adicións	892.738,57	
Retiros	(169.300,00)	
Obrigas legislativo/tecnolóxicas	1.079.287,50	1.321.433,33
Adicións	282.854,17	
Retiros	(525.000,00)	
Obrigas legislativas abonos personal	379.144,19	379.144,19
Adicións	0,00	
Retiros	(0,00)	
	<u>3.560.753,11</u>	<u>3.079.460,37</u>

(24) Honorarios de Auditoría

A3M Auditores, S.L. e o resto das empresas coas que mantén algún dos vínculos aos que fai referencia a lexislación vixente devengaron honorarios e gastos por servizos profesionais relacionados coa auditoría por importe de 7.950,00 euros (9.475,00 euros en 2017). Este importe correspóndese coa totalidade dos honorarios relativos á auditoría das Contas Anuais correspondentes aos exercicios 2018 e 2017, con independencia do momento da súa facturación.

(25) Feitos posteriores

Non se produciron feitos posteriores significativos con posterioridade ao peche do exercicio.



OM7567849

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2018

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (en adiante RETEGAL), é a sociedade mercantil pública da Xunta de Galicia que ten por obxecto tanto a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, como a elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións.

En particular, constitúen parte do obxecto social de RETEGAL a promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións. Tamén a prestación de actividades de consultaría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade, e en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións.

Así mesmo, a sociedade ten a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos no concernente á realización das actividades propias do seu obxecto social que estas lle encarguen, estando obrigada a realizalas.

Durante o ano 2018 a actividade de RETEGAL centrouse en varios eixos fundamentais:

- 1.- Mantemento con elevados índices de calidade e continuidade dos servizos de telecomunicación e coubicación prestados, destacando o incremento dos servizos de albergamento a operadores de telecomunicación para a mellora, en grande medida, da cobertura móbil e extensión do 4G.
- 2.- Execución das encomendas de xestión encargadas pola secretaría xeral de Medios (SXM) e Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e o convenio asinado coa AMTEGA e coa Consellería do Medio Rural para o despregamento da Rede de Videovixilancia forestal de Galicia.
- 3.- Posta en valor e promoción da RESGAL, mellorando a súa cobertura de xeito puntual e asumindo novos servizos, impartición de cursos de formación a usuarios así como a realización dunha campaña de promoción que continúa dende 2017.
- 4.- Creación e coordinación do Nodo de Cooperación 5G de Galicia.

Xa en detalle, as actuacións máis destacadas ao longo do ano 2018 foron:

1. TELEVISIÓN

a. Múltiple autonómico de TDT

RETEGAL facilita unha cobertura poboacional do 98% para o múltiple autonómico MAUT, con 140 centros operativos, cumprindo cos obxectivos de cobertura poboacional establecidos polo Real Decreto 805/2014, do 19 de setembro, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre e se regulan determinados aspectos para a liberación do Dividendo Dixital. Non se pode obviar que, nunha Comunidade Autónoma como é a de Galicia, cunha alta dispersión poboacional e difícil orografía, a referida porcentaxe de cobertura supón un logro difícil de acadar.



OM7567850

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2018

Ao longo do ano 2018, Retegal operou e mantivo a rede oficial de difusión do múltiple autonómico, con índices de continuidade moi superiores aos comprometidos contractualmente co seu cliente activo no múltiple, a Corporación Radio Televisión de Galicia.

Entre as actuacións e melloras mais relevantes realizadas nas infraestruturas e no equipamento que prestan servizo á CRTVG, encamiñadas a mellorar a súa calidade e continuidade do servizo, figuran:

- A adquisición e posta en operación de novo equipamento de sinais de contribución en diferentes localizacións, dotándoo de capacidades de alta definición (HD) e conectividade Ethernet.
- A adquisición de equipamento de codificación e multiplexación de sinais de televisión de alta definición, para a contribución de imaxes de TV e difusión da programación da CRTVG en alta definición (HD). Estando prevista a posta en servizo das emisións en alta definición no primeiro cuadrimestre de 2019, marcará unha importante mellora na calidade de emisión da TVG e permitiralle emitir en condicións de calidade de imaxe equiparable, ou incluso superior, a de outras cadeas de televisión de ámbito de cobertura estatal.

b. TVE e múltiples SFN

Múltiple estatal (RGE).- En virtude do contrato asinado co adxudicatario do servizo para a radiodifusión do sinal de CRTVE, continuouse coa prestación dos servizos para a mellora da cobertura da rede RGE (Televisión Española) na Comunidade Autónoma de Galicia obténdose, deste modo, uns índices de cobertura poboacional superiores aos tradicionalmente acadados nos despregamentos planificados e costeados polos operadores de televisión estatal.

Ademais, Retegal vén prestando o servizo de difusión do múltiple público RGE-2 en 10 dos seus centros.

c. TDT Local

En 2018 Retegal prestou, sempre con excelentes índices de continuidade, os servizos de codificación, multiplexación, contribución e difusión dos múltiples de TDT local de Ribeira, Santiago e Vigo, incorporándose neste exercicio un novo concesionario no Múltiple da demarcación de Vigo.

Os distintos contratos foron renovados e ampliados ata o 30 de xuño de 2020, coincidente coa da de finalización prevista para o segundo Dividendo Dixital

2. SERVIZOS DE RADIODIFUSIÓN

a. Radio autonómica

RETEGAL facilita os servizos de transporte e difusión á Radio Galega (RG), con 38 centros de emisión operativos que facilitan unha cobertura poboacional superior ao 96%.

Ao longo do ano 2018, RETEGAL continuou operando e mantendo a rede de difusión da Radio Galega con índices de calidade e continuidade moi superiores aos comprometidos contractualmente co seu cliente.



OM7567851

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2018

Entre as actuacións e melloras mais relevantes realizadas nas infraestruturas e no equipamento que prestan servizo á Radio Galega, encamiñadas a mellorar a súa calidade e continuidade do servizo, figura a instalación dun novo sistema radiante, en configuración 1+1 nun dos centros principais de RETEGAL, en Penamoa (A Coruña).

b. Outros operadores de radiodifusión.

Destacan a prestación de novos servizos integrais de difusión, coubicación e contribución IP a concesionarios de licencias de FM.

3. SERVICIOS DE COMUNICACIÓNS MÓBILES: RESGAL. OPERACIÓN E XESTIÓN.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), por resolucións de datas 19 de xaneiro, 27 de outubro de 2015 e 27 de xuño de 2018, encomendou a RETEGAL a xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (RESGAL).

Coa modificación de 27 de xuño de 2018, permítese a adhesión doutras entidades públicas de ámbito estatal, con necesidades de coordinación en emerxencias.

Así as cousas, RETEGAL vén realizando a tarefa da explotación e xestión integrais do servizo de comunicacións móbiles de emerxencia da Xunta de Galicia sen incidencias destacables e cumprindo cos obxectivos de calidade e continuidade do servizo establecidos., que ademais da operación e mantemento da infraestrutura de rede, contempla a xestión operativa de usuarios, tanto das entidades adscritas á Xunta de Galicia como doutras entidades con responsabilidades en materia de emerxencias e seguridade integradas na RESGAL.

Esta xestión supón unha complexidade engadida para RETEGAL, tanto pola importancia e transcendencia do servizo prestado, como pola diversidade de perfís dos usuarios e polo cambio do modo de operación que supón o feito de dispoñer dunha rede de última tecnoloxía e de avanzadas prestacións para a coordinación das emerxencias.

RETEGAL, ademais da anteriormente citada xestión operativa da RESGAL, pon a disposición da rede as infraestruturas necesarias (caseta, torre e enerxía en corrente continua) facilitando, a través dos seus recursos o transporte e a interconexión entre os diferentes elementos do sistema.

No aspecto administrativo, RETEGAL vén facilitando soporte para a tramitación das reservas de espectro e autorizacións precisas por parte da Administración xeral do Estado.

Así mesmo, RETEGAL realiza e actualiza os modelos de explotación e xestión do servizo acordes coas necesidades e particularidades dos diferentes usuarios finais, parametrizando e integrando os diferentes perfís de usuarios para cada unha das entidades adscritas á RESGAL.

Por outra banda, durante o exercicio 2018 e coas finalidades de estender a utilización da RESGAL e poder obter un maior aproveitamento das súas facilidades e prestacións, continuouse coa impartición de diversos cursos para a formación dos usuarios finais de RESGAL dentro de cada unha das entidades usuarias, levando a cabo diversas actividades de formación, tanto externas como internas.

Dentro das actuacións realizadas no exercicio 2018 na RESGAL, destaca a actualización do firmware do sistema á versión máis recente da Rede.



0M7567852

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2018

4. SERVIZOS DE CONECTIVIDADE E TRANSPORTE

Ao longo do ano 2018, continuouse coa prestación dos servizos de conectividade prestados por RETEGAL, destacando entre eles os prestados para dar conectividade ás 88 cámaras da Rede de Videovixilancia Forestal de Galicia da AMTEGA e da Consellería do Medio Rural, así como os comprendidos no contrato do "Servizo de rede de telecomunicacións corporativa da xunta de Galicia".

Dentro das actuacións destinadas a mellorar a capilaridade, capacidade, integridade e robustez da súa rede, destaca a adquisición e instalación de 3 vans de radioenlaces de media capacidade en banda licenciada, para dar servizo á Rede de Videovixilancia Forestal de Galicia.

5. REDE DE VIDEOXILANCIA FORESTAL DE GALICIA

O Consello da Xunta de Galicia, na súa sesión de 17 de novembro de 2017 aprobou o convenio entre a consellería do Medio Rural, a AMTEGA e RETEGAL, asinado o día 9 de xaneiro de 2018, para o despregamento da Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia.

A Rede despregouse aproveitando as infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por Retegal. Así as 88 cámaras despregadas en 44 centros de telecomunicacións facilitan unha cobertura visual estimada de 1,4 millóns de hectáreas, preto da metade do territorio galego.

O convenio mencionado contempla como obrigas de RETEGAL a instalación, mantemento e operación técnica dos elementos tecnolóxicos necesarios para a vixilancia dos espazos forestais de Galicia, dos elementos de fixación e gravación, do software de xestión, do software de integración GIS, dos PC's e monitores, da encriptación das imaxes, así como a mellora de enlaces e elementos necesarios nas infraestruturas por un período de catro anos.

Este convenio supuxo para RETEGAL, no ano 2018, a realización das seguintes actuacións:

- Adquisición, instalación e posta en servizo de 88 cámaras e do sistema de control e xestión das mesmas. Compre salientar que inicialmente se requirían 68 cámaras, e se conseguiron 20 adicionais como mellora na licitación por parte do adxudicatario.
- Deseño a adecuación da rede de transporte que facilita a conectividade ás cámaras. Incluso a instalación e posta en servizo de 3 vans de enlace de microondas.
- Adquisición e posta en operación de catro servidores para gravación das imaxes xeradas.
- Configuración de posta en servizo dun servidor virtual para a instalación do sistema de xestión e monitoreado de cámaras.
- Adecuación do Centro de Coordinación Central (CCC) da Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios.
- Adquisición de módulos para o aseguramento da subministración eléctrica das cámaras.
- Formación ao persoal da Consellería de Medio Rural.



OM7567853

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2018

6. SISTEMAS


No capítulo de sistemas, sempre coa premisa da súa mellora para dotar a RETEGAL de ferramentas que melloren a explotación dos servizos, ademais de optimizar o mantemento e os sistemas existentes, realizáronse as seguintes actuacións:

- Redeseño, adquisición e posta en operación de servidores para a infraestrutura de virtualización e almacenamento de RETEGAL coa migración de parte do almacenamento virtual actual, mellorando a homoxeneidade e reducindo custes de mantemento.
- Migración do servidor web de RETEGAL.
- Actualización e mellora do sistema de conmutación no Centro de Proceso de Datos de San Marcos.
- Instalación, configuración e parametrización dunha nova ferramenta de monitorización de tráfico.

7. INFRAESTRUTURAS

O incremento dos servizos de cobertura, especialmente no referente a operadoras de telefonía móbil supuxo maiores requirimentos das infraestruturas físicas (casetas, torres, acometidas eléctricas, sistemas de enerxía...) o que requiriu tanto a realización de estudos técnicos específicos como de traballos e ampliación ou mellora, entre os que destacan:

- Análise de cargas dunha (1) torre de telecomunicación.
- Reforzo da (1) torre de telecomunicación do centro de Penamoa (A Coruña).
- Actuacións de reforzo en catro (4) acometidas eléctricas.
- Adecuación da potencia contratada en vintecatro (24) centros de telecomunicación.
- Instalación dun novo sistema de detección e extinción de incendios no Edificio CEXAR, onde se atopa o Centro de Procesado de Datos de RETEGAL en San Marcos.
- Instalación dun novo Sistema de Alimentación Ininterrompida (SAI) modular no Centro de Proceso de Datos de San Marcos (Edificio CEXAR).
- Mellora do cableado ethernet no centro emisor de Domaio e elaboración de informe de terras.
- Convocatoria e posterior adxudicación de concursos públicos para o pintado de torres de telecomunicación, estando esta actuación contemplada dentro do plan de conservación de infraestruturas pasivas.
- Adecuación dos camiños de acceso a catro centros de telecomunicación en base á encomenda realizada á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA).
- Roza de preto de 50 centros en base á encomenda realizada á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA).



OM7567854

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2018

8. CENTRO DE XESTION E ATENCIÓN DE REDE (CEXAR)

Dentro do proceso de mellora operativa da empresa, leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Incorporación da xestión de novos servizos de difusión, transporte e albergamento.
- Incorporación da xestión de rede e operativa de novos servizos.
- Mellora continua e reforzo do Centro de Xestión e Atención da Rede.
- Modificación das ferramentas de supervisión para a incorporación dos novos servizos.
- Xestión dos servizos de mantemento externo de nova contratación, transporte e infraestruturas.

Como indicadores do labor realizado por este centro, sirvan os seguintes:

- Xestión de 3.917 incidencias e 7.589 intervencións.
- Xestión de 428 traballos programados.
- Xestión de 915 accesos a centros (solicitude, confirmación e seguimento).
- Xestión de 11.057 chamadas.
- Revisión e contratación dos mantementos externos mellorando as condicións contractuais.


9. ORGANIZACIÓN

No ano 2013 Retegal instaurou un novo modelo organizativo, conforme cos modelos e estándares habituais en operadores de telecomunicacións. Este modelo susténtase en dous piares fundamentais:

- Orientación a servizo.
- Xestión orientada a proceso.

A implantación deste modelo supón unha reestruturación do traballo dentro da empresa, que se caracteriza pola segregación entre as funcións de enxeñería e operacións, orientando as operacións a servizo. Así mesmo este modelo implica un cambio no modelo relacional cos clientes, tanto no referente á provisión inicial dos servizos, como ás comunicacións unha vez consolidados estes.

O proceso de implantación do novo modelo organizativo implica a toda a estrutura da empresa e, polo seu alcance e complexidade, é un proceso vivo que se realiza baixo a premisa de "mellora constante". Así, dende o ano 2014, RETEGAL vén desenvolvendo novos procesos e procedementos conforme ao modelo definido para a nova estrutura organizativa, traballos que no ano 2018 centráronse fundamentalmente nos relativos á xestión operativa da RESGAL e do xa mencionado plan de sistemas, melloras e actualización de procedementos e a certificación da empresa conforme a diversas normas (ISO 9001:2015, ISO 14001:2015, OHSAS 18001:2007).



OM7567855

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2018

Durante o ano 2018, negociouse o "Regulamento da contratación do persoal laboral temporal e a xestión das listas de contratación na Entidade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A." coas forzas sociais representativas no ámbito da función pública, para unha xestión mellorada de traballadores temporais.

10. CALIDADE, PROCESOS E PREVENCIÓN DE RISCOS

A implantación da nova estrutura esixiu a definición dun modelo de xestión orientado a procesos, para o cal definiuse un mapa de procesos de RETEGAL, mapa que, pola propia natureza da empresa, está en constante proceso de evolución e mellora.

Durante o ano 2018 realizáronse as actuacións necesarias para a implantación dun sistema de xestión integrado (SXI), que entre outras comprendeu:

- Ampliación do sistema de xestión de calidade de Retegal e certificación conforme aos requisitos da norma UNE-EN ISO 9001-2015.
- Definición e implantación do sistema de xestión ambiental de Retegal e certificación conforme aos requisitos da norma UNE-EN ISO 14001-2015.
- Definición e implantación do sistema de xestión de seguridade e saúde no traballo de Retegal e certificación conforme aos requisitos da norma OHSAS 18001-2007.


No ano 2018 continuouse co esforzo realizado en anos anteriores en materia de prevención de riscos laborais (PRL), esforzo orientado tanto a nivel interno como externo (clientes e provedores), especialmente no relativo á coordinación de actividades empresariais. Neste senso renovouse por un período dun ano conforme ao establecido nos pregos de bases da licitación a contratación do servizo de prevención alleo e coordinación de actividades empresariais, no que se prima a formación do persoal.

A nivel interno, completáronse os equipos de protección individual (EPI), dotando ao persoal de roupa laboral axeitada ás condicións específicas dos postos de traballo e impartindo formación en materia de prevención de riscos laborais, realizándose, entre outros os seguintes cursos de formación:

- o Condución (turismos e todoterreo).
- o Extinción de incendios.
- o Primeiros auxilios.
- o Específica do posto de traballo (art. 19 da lei 31/1995) para persoal eventual e de nova incorporación.

Dentro do ámbito da protección da saúde dos traballadores, realizáronse medidas de radiacións non ionizantes nos 7 centros de maior entidade conforme ao establecido no R.D. 299/2016.

A nivel externo, continúaase coa implantación e seguimento dos procedementos de coordinación en materia de prevención de riscos con clientes e provedores, realizando un seguimento e control exhaustivos do cumprimento da normativa por parte destes últimos.



OM7567856

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2018

11. ACCIÓN COMERCIAL E DE COMUNICACIÓN

A empresa ten como obxectivo, non só potenciar a acción comercial e de comunicación de RETEGAL mediante a captación de novos clientes, senón tamén incrementar as prestacións de servizos sobre os xa existentes.

Así, entre as actuacións máis significativas realizadas no 2018, destacan as seguintes:

- Incorporación á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (RESGAL) dunha nova entidade usuaria de ámbito autonómico, a Consellería de Medio Ambiente, Vivenda e Territorio, incrementándose nun 9,17% o número de terminais dados de alta na rede (381 terminais). RETEGAL deseñou e impartiu unha actividade formativa de 15 horas de duración na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para describir as capacidades da RESGAL e os plans de comunicación desenvolvidos pola Consellería, tratando de adestrar así ao seu persoal no emprego dos terminais, co fin de contribuír a unha mellor xestión e coordinación das emerxencias e optimizar a súa operativa diaria.
- Incorporación á RESGAL de novos terminais correspondentes a entidades usuarias de ámbito local (a día de hoxe: 116 concellos e 8 entidades comarcais e provinciais).
- No ámbito de UNIRED (asociación de operadores de rede e infraestrutura, na súa maioría operadores públicos autonómicos, na que se integra RETEGAL xunto cos operadores de Andalucía, País Vasco, Navarra, Aragón, Illas Baleares, Castela A Mancha e Andalucía).
 - Coordinación das accións de comunicación de UNIRED.
 - Participación na elaboración das repostas de UNIRED ás consultas publicadas en relación co 2º Dividendo Dixital.
 - Xestión do Grupo de Seguridade e Emerxencias. Organizandoo unha xornada técnica nas dependencias de RETEGAL.
 - Coordinación do grupo de Prevención de Riscos e Saúde Laboral. Organizandoo unha xornada nas dependencias de RETEGAL, nas que se abordou, entre outros a análise do RD 299/2016, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a campos electromagnéticos.
 - Participación nos grupos de Proxectos Europeos e Internet das cousas.
- Elaboración das repostas de RETEGAL ás consultas públicas do Goberno en relación co 2º Dividendo Dixital.
- Participación no evento **"Oportunidades e retos das redes 5G"** promovido por AMTEGA, como coordinador da Mesa de Operadores, o 27 de xuño de 2018.
- Realización dun total de 40 ofertas de servizos, das que foron aceptadas o 68%, traducíndose na incorporación de 5 novos clientes.



OM7567857

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2018

Mantense a demanda de servizos de albergamento no mercado de operadores por causa da incorporación da tecnoloxía 4G na banda de 800 Mhz, acumulando novas altas (3) e incrementouse o alcance dos servizos en 80 emprazamentos .

Mantense a tendencia á alza dos ingresos por servizos prestados a terceiros operadores, PEMEs e empresas do ámbito privado, especialmente por servizos de albergamento que, polas súas características (contratos a medio prazo) e singularidade dos emprazamentos que ten RETEGAL, contribúen á estabilidade da empresa a medio prazo.

No tocante á comunicación, no ano 2018 as accións máis salientables foron:

- Securizouse a web www.retegal.gal, pasándoa a https e incluíronse novos espazos de información, así como o fomento das extensións .gal.
- Mantívose a campaña de comunicación para promocionar e dar a coñecer a RESGAL aos cidadáns e ás posibles novas entidades usuarias co desenvolvemento dunha páxina específica de lanzamento da mesma www.resgal.gal, así como a Rede de Videovixilancia Forestal de Galicia.

12. NORMALIZACIÓN TÉCNICA E OUTROS PROXECTOS

No ano 2018 tramitáronse ante a Secretaría de Estado para el Avance Digital (SEAD):

- Sete (7) proxectos técnicos de estacións emisoras de Televisión (TDT).
- Cento nove (109) inspeccións ou certificacións substitutivas de estacións emisoras de Televisión (TDT) para as cales obtívose a correspondente autorización de posta en servizo (APS).
- Catro (4) proxectos técnicos de estacións emisoras de radiodifusión (FM).
- Dúas (2) inspeccións de estacións emisoras de radiodifusión (FM) para as cales obtívose a correspondente autorización de posta en servizo (APS).
- Nove solicitudes de frecuencias para radioenlaces dixitais en bandas de 6, 18 e 23 GHz.
- Tras o cese de diversos servizos, coa finalidade de reducir o importe das taxas anuais a abonar á Secretaría de Estado para el Avance Digital (SEAD), procedeuse a dar de baixa 23 vans de radioenlace.

Continuouse coa definición, implantación, formación aos empregados de RETEGAL, así como difusión dun Plan de Compliance Corporate.



OM7567858

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2018

13. INNOVACIÓN

13.1. Proxecto LIFETEC

En maio de 2016 foi publicada pola Comisión Europea a convocatoria de axudas do Programa LIFE 2016 da Comisión Europea, convocatoria que abarca propostas centradas no medio ambiente e acción polo clima.

Presentouse un proxecto coordinado pola **UVIGO** (Universidade de Vigo) e membro do consorcio formado por **AMTEGA** (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia), **SXCAA** (Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental), **RETEGAL** (Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.) e **IPMA** (Instituto Português do Mar e da Atmosfera, I.P.) denominado o proxecto "Fighting Forest Fires Using Electronic Communication Technologies" ante a Comisión Europea a través da súa Axencia "Executive Agency for Small and Medium-sized Enterprises". O código do proxecto presentado foi "LIFE2016 ENV/ES/000559" e o seu nome "LIFETEC".

Os obxectivos iniciais do devandito proxecto plantexáronse como a posibilidade da demostración na detección, control e, no seu caso, extinción de incendios forestais en fases incipientes co uso da información obtida da utilización de radares meteorolóxicos (que tamén operan en horario nocturno e en condicións de baixa visibilidade), así como mellorar os sistemas de información de soporte a esas tarefas e a utilización da capacidade de comunicación de datos de RESGAL (TETRA) para poder mellorar a coordinación entre efectivos nas fases de detección, control e extinción de incendios.

No ano 2017 foi aprobado pola Comisión Europea o proxecto presentado e realizouse o lanzamento do mesmo, co inicio das primeiras fases, sendo a duración prevista do proxecto de 36 meses.


Durante o ano 2018 RETEGAL realizou as tarefas previstas no plan de proxecto que consistiron en:

- Revisión da cobertura de rede de RESGAL e análise da capacidade de transmisión de datos.
- Elaboración dos pregos de prescricións técnicas e de bases xurídicas para adquisición e implantación dunha ferramenta de medidas de cobertura de rede.

13.2. Proxecto Plan Galicia 5G

En xuño de 2018, iniciouse o **Plan Galicia 5G** que ven determinado polas estratexias nacional e europea específicas das tecnoloxías 5G (Plan Nacional 5G e Plan de Acción de 5G para Europa), e nel concrétanse as áreas estratéxicas de aplicación da tecnoloxía 5G en base ao Plan estratéxico de Galicia, a Estratexia de especialización intelixente e a Axenda Dixital para Galicia, facilitando así a participación dos diferentes axentes públicos e privados susceptibles de verse beneficiados por esta tecnoloxía.

En novembro de 2018 formalizouse a sinatura dun Convenio pola que se inicia o **Nodo de Cooperación 5G** establecido na Medida 2 do Plan Galicia 5G, que inclúe aos tres principais operadores de redes móbiles a nivel nacional, asinantes do Pacto dixital de Galicia.



OM7567859

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2018

- O **Nodo de Cooperación 5G** ten como un dos principais obxectivos actuar de concentrador e catalizador dos retos das empresas e usuarios integrantes do ecosistema 5G, así como dos avances experimentados na devandita tecnoloxía e disporá tamén como obxectivo, o establecemento, ao longo do primeiro trimestre de 2019, de diferentes Grupos de Traballo sectoriais e de coordinación horizontal de cara ás súas liñas de actuación e consecución de obxectivos, sempre co obxectivo último de que Galicia sexa das primeiras rexións europeas en dispor de servizos 5G.

13.3. Banda Larga en zonas de especial dificultade de despregamento

A protección do patrimonio cultural e medioambiental de especial dificultade, supón dificultades adicionais para o despregamento de redes e servizos de banda larga. RETEGAL como medio propio da Administración, iniciou no ano 2018 unha serie de estudos e análises de diversas solucións técnicas que permitan un eventual despregamento de redes de alta velocidade nestes lugares coa mínima afección aos bens a protexer. Estes traballos continuarán ao longo de 2019.

13.4. Internet das Cousas (IoT)


A previsible implementación e extensión futura de servizos Internet das Cousas (IOT) poderá abrir a medio prazo novas posibilidades de negocio a RETEGAL identificando tanto a prestación de servizos de sensorística e captación de datos como por servizos de coubicación a outros operadores.

Especialmente no caso da Administración Autonómica, como medio propio, RETEGAL ve posibilidades para a prestación de novos servizos que facilitarán a xestión dos diversos organismos e entidades da Administración, polo que RETEGAL, nos vindeiros anos, debe explorar e estudar as devanditas posibilidades.

14. PREVISIÓNS PARA O EXERCICIO 2019

No 2019 a actividade de Retegal estará marcada por:

- A continuidade na xestión e explotación da Rede corporativa de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia (RESGAL), que Retegal realiza por encomenda da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e, dentro desta actividade, a realización de estudos e análises para potenciar tanto a cobertura da rede como dos servizos de valor engadido por ela soportados. Pola súa natureza e polos obxectivos operativos da rede, require de Retegal o cumprimento duns estándares de calidade e continuidade do servizo moi esixentes. A iso hai que engadir un novo modelo de relación entre os usuarios da rede e Retegal, o cal requirirá de novos procesos e sistemas para a súa xestión.
- A prestación dos servizos contratados polos seus clientes mantendo con elevados índices de calidade e continuidade do servizo, mellorando tanto a comunicación cos clientes como a accesibilidade destes a información dos estado actual dos seus servizos.



OM7567860

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2018

- A prestación de novos servizos de contribución, distribución e difusión de sinais de TDT en alta definición (HD e/ou FHD) da Corporación de Radio e Televisión de Galicia TVG.
- Planificar e realizar os traballos e licitacións necesarias para a liberación da banda de 700Mhz, por mor do segundo Dividendo Dixital, nas estacións de difusión de TDT afectadas que xestiona Retegal, conforme ao que estableza o novo Plan Técnico Nacional da TDT, cuxa publicación está prevista para o primeiro trimestre de 2019. Eventual inicio de emisións en "simulcast" naquelas estacións que corresponda segundo o establecido polo Ministerio.
- Estar presente nos foros técnicos e de decisión que eventualmente convoque a secretaría de Estado para a Sociedade da Información e Axenda Dixital (SEAD) para a definición da folia de ruta e coordinación do segundo Dividendo Dixital e do novo Plan Técnico Nacional da TDT.
- Dentro da súa estratexia de superación continua, continuar coa implantación do plan de sistemas elaborado no ano 2017 que, aliñado con procesos, permitirá a mellora da eficiencia da empresa en todos os seus ámbitos de actuación.
- Execución das novas encomendas realizadas por distintos órganos da Xunta de Galicia.
- Operación e xestión da Rede de Videovixilancia Forestal de Galicia, en virtude do convenio suscrito coa Consellería do Medio rural e a AMTEGA para o despregamento e mantemento da devandita Rede.
- Potenciar o papel de RETEGAL como operador neutro e obter maior visibilidade no sector público (Internet das cousas, cidades intelixentes...).
- A adecuación dos seus produtos e servizos á demanda e posibilidades do mercado.
- Seguimento e mellora na implantación do Corporate Compliance, así como en normas xa conqueridas (ISO 9001:2015, ISO 14001:2015 e OHSAS 18001:2007), e na consecución doutras novas precisas.
- Profundizar na coordinación do Nodo de Cooperación 5G.
- Seguir na avaliación, e no seu caso, aplicación das eventuais solucións desenvolvidas para o despregamento de redes en zonas especialmente dificultosas.
- Participación activa no proxecto IoT baseado en tecnoloxías inarámicas de proximidade.
- Obtención de primeiros resultados preliminares no ámbito do proxecto de innovación LIFETEC.

15. ACCIÓNS PROPIAS

Non se produciron adquisicións de accións propias no exercicio 2018.

16. OBXECTIVOS E POLÍTICAS DE XESTIÓN DO RISCO FINANCEIRO

A ausencia de débeda no pasivo ou de activos financeiros non comerciais no activo, determina que non existan incertezas relacionadas co risco financeiro, e non se prevén dificultades de tesourería.



OM7567861

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2018

17. EXPOSICIÓN DA SOCIEDADE O RISCO DE LIQUIDEZ, RISCO DE CRÉDITOS, RISCO DE MERCADO, E RISCO DE CAMBIO

O risco de liquidez ao que se atopa exposto a sociedade é reducido, mantendo suficiente efectivo e facendo unha xestión de dispoñibilidade de financiamento.

En canto ao risco de crédito, a sociedade analiza o risco de crédito de cada debedor de maneira individualizada, reflectindo as oportunas deterioracións de valor para aqueles que se consideran de dubidoso cobro. Isto realízase en base á mellor información da que se dispón en cada momento, e revísase periodicamente por se se modificaron as condicións iniciais.


O risco do mercado no que opera a sociedade é actualmente reducido.

Con respecto ao risco de interese, este non existe ao non dispor a sociedade de débedas con entidades de crédito.

Exposición ao risco de prezo: A sociedade non se atopa afectada especialmente o risco de prezo debido a que non opera nun mercado excesivamente volátil.

A sociedade non se atopa afectada por risco de cambio ao non efectuar operacións en moeda distinta do euro.

Durante o exercicio 2018 a Sociedade non realizou operación ningunha con instrumentos derivados financeiros.



0M7567862

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Dilixencia de sinaturas

Exercicio 2018

Reunidos os Administradores da Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas, RETEGAL, S.A.U., con data 29 de marzo de 2019 e en cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 253.2 do Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital e no artigo 37 do Código de Comercio, proceden a formular as contas anuais e o informe de xestión do exercicio comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e 31 de decembro de 2018, que se presentan da seguinte forma:

1. As contas anuais que constan de 37 folios

- Balance, que figura transcrito en 2 folios de papel timbrado números 0M7567812 e 0M7567813 (incluídos).
- Conta de Perdas e Ganancias, que figura transcrito en 1 folio de papel timbrado número 0M7567814
- Estado de cambios no patrimonio neto, que figuran transcritos en 2 folios de papel timbrado números 0M7567815 e 0M7567816 (incluídos).
- Estado de Fluxos de Efectivo, que figura transcrito en 1 folio de papel timbrado número 0M7567817.
- Memoria, que figura transcrita en 31 folios de papel timbrado números 0M7567818 a 0M7567848 (incluídos).

2. Informe de Xestión que figura transcrito en 13 folios de papel timbrado números 0M7567849 a 0M7567861 (incluídos)

Así mesmo, e en cumprimento da lexislación vixente declaran asinados do seu puño e letra todos e cada un dos citados documentos, mediante a suscripción de dous (2) folios de papel timbrado números 0M7567862 e 0M7567863 (incluídos).

Asinantes:

María del Mar Sánchez Sierra

Asdo: D^a. María del Mar Sánchez Sierra

María del Mar Pereira Álvarez


Asdo: D^a. María del Mar Pereira Álvarez

Miguel Rodríguez Barrio

Asdo: D. Miguel Rodríguez Barrio

Ignacio José Otero López

Asdo: D. Ignacio José Otero López



OM7567863

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Dilixencia de sinaturas

Exercicio 2018

Asdo: D. Víctor Coladas Bilbao

Asdo: D^a. María Rosa Méndez Calvo

Asdo: D. Enrique González Murga
(Secretario non Conselleiro)